



CentroComercialAberto

**ASETEM**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



Deputación  
DA CORUÑA

## EMPRESA

Unha vintena de comercios no Mercamelide o 16 e 17 de febreiro P3

## EMPRESA

*Cámbiame en Melide*, a nova campaña do CCA Asetem P3

## LE CER

A II Gala do Folclore da Terra de Melide e o Entroido, as citas culturais da comarca P19

## ENTREVISTA



**Leonardo Miguélez,**  
CLM P23

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 157. Febreiro 2019. Distribución gratuíta

# A “falta de apoio do Concello” deixa a Melide sen Foliada

A Asociación Cultural e Musical O Castelo anunciou a súa renuncia á organización da Foliada de Melide debido á “falta de apoio institucional do Concello”. O colectivo denunciou a escasa implicación do goberno local e que este non atendese as súas peticións. Dende o Concello lamentaron a decisión e lembraron que sempre se apoiou económica e materialmente á Foliada. Entre as reaccións a esta decisión, multitude de mostras de apoio e agradecemento ao colectivo cultural polo traballo realizado durante os últimos 14 anos, e o anuncio dun pleno extraordinario que solicitará a oposición para tratar o asunto. P10



## Santiso, pioneiro na comarca coa apertura dunha casa niño Arquivada unha denuncia contra a alcaldesa de Melide



Este servizo gratuíto de atención á infancia para nenos e nenas de tres meses a tres anos prevé abrir as súas portas o vindeiro mes de marzo. Tres das cinco prazas das que dispón xa están ocupadas. P12



A denuncia foi presentada pola Asociación Veciñal Melidá en relación á calidade das augas do río Furelos. Dalia García di que sofre “persecución”, e o colectivo defende que “seguirá denunciando as irregularidades”. P11

## ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

*29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com  
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)



## Editorial

### *Hora de conciliar*



Que o rural esmorece é unha realidade cada vez máis evidente. Non obstante, moi de vez en cando chega unha boa noticia. É o caso do proxecto que vimos de coñecer hai escasas semanas e que verá a luz, previsiblemente, o vindeiro mes de marzo: Santiso será o primeiro concello da comarca en contar cunha casa niño.

Ante unha nova así non podemos máis que aledarnos, felicitar a súa promotora, Ana Fernández, e gabar o apoio recibido por parte das administracións para que unha iniciativa destas características vexa a luz.

Unha casa niño é un servizo gratuito de atención á infancia para nenos de entre 3 meses e 3 anos onde ademais, os pais dispoñen de horario libre entre as oito da mañá e as catro da tarde para acudir cos seus fillos. Pero máis aló dos servizos que presta e as facilidades que

ofrece ás familias, hai que destacar o importante labor que desempeña á hora de contribuír a frear o despoboamento no rural.

Dispoñer dun servizo así nun núcleo rural é sen dúbida unha das medidas máis eficaces á hora de fixar poboación e conciliar. É certo que outros Concellos contan con axudas á natalidade, como é o caso de Melide, onde por cada fillo nado durante o ano se concede unha axuda de 300 euros, iso si, a cambio de permanecer empadroadado no municipio durante cinco anos. Falta saber se realmente compensa recibir esa contía a cambio de non mudar de residencia durante ese período, e máis sabendo as condicións laborais nas que vivimos hoxe en día.

Con todo, benvida sexa calquera proposta á hora de conciliar e, de paso, manter vivo o rural.

## Tribuna de opinión

### *Un Concello “sen axenda”*

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Aqueles que dentro das nosas tarefas tamén nos dedicamos a organizar eventos sabemos ben o traballo e o esforzo que iso conleva. Sairá mellor ou peor, implicaranse máis participantes ou menos, acudirán moitas persoas ou poucas... pero o que ningún nos pode negar son as ganas e a ilusión coas que se traballa para tentar ofrecer alternativas que dinamicen a vila e, sobre todo no noso caso, o comercio e as nosas empresas.

Con ese obxectivo traballamos dende o Centro Comercial Aberto Asetem en cada unha das propostas que poñemos en marcha. E con ese mesmo obxectivo deberían traballar dende as institucións; entidades, lembremos, que están ao servizo dos cidadáns.

Non o deben crer así os

responsables do Concello de Melide cando nin sequera son capaces de xestionar unha axenda pública. E é que, por increíble que pareza a historia volveuse repetir. Se o verán pasado tivemos que desenvolver os campamentos de Asetem nas propias oficinas porque ata a última hora non se nos confirmou a disposición dun local máis axeitado (que finalmente nos foi denegado), esta vez a piques estívimos de quedar sen a pasarela que o comercio organiza en primavera debido a que a Casa da Cultura xa estaba ocupada para esa data.

Deixando a un lado cuestións como o feito de cambiar o evento de data, o verdadeiramente incomprendible é que non se nos permita reservar un espazo

público antes de comezar o ano alegando que “non hai aínda unha axenda no Concello”; e o peor, que despois de reservalo puntualmente o día 2 de xaneiro mediante escrito oficial para evitar este tipo de contratemplos, se nos conteste a través dun correo electrónico case un mes despois dicindo que ese espazo xa está reservado. Un mes despois...

Onde está a transparencia? Con que criterio se adxudican as datas para os eventos en Melide? Non sería máis práctico e responsable dispoñer dunha axenda pública ao alcance de todos? Nós polo menos así o cremos. Con todo, a pasarela de primavera celebrárase, aínda que noutra data, con todos os contratemplos que iso supón para ás vendas do pequeno comercio.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Concha Viqueira

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Asociación Veciñal Melidá, alumnas e alumnos do IES Melide, Xosé Núñez

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López, Imprenta Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....12
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23



## Degustacións variadas e descontos de ata o 80% en Mercamelide

É unha das citas ineludibles por estas datas tanto para os comerciantes como para os compradores en busca da última ganga da temporada; falamos do Mercamelide de inverno que nesta ocasión acada a súa vixésimo terceira edición.

Será os días 16 e 17 de febreiro no Palacio de Congresos de Melide en horario ininterrompido de once da mañá a oito da tarde. Participan unha vintena de establecementos da localidade pertencentes a todo tipo de sectores: fogar, moble, moda, decoración, perfumería, electrodomésticos, calzado, froitería, etc, que ofertarán os seus produtos aos mellores prezos e con descontos de ata o 80% nalgúns casos.

### Degustación de filloas e chocolate quente

Xunto aos chamativos descontos, outro dos grandes atractivos desta feira de oportunidades será a degustación de chocolate quente, filloas e repostería tradicional. Deste xeito, o sábado 16 a partir das cinco da tarde haberá filloas gratis con cada compra, mentres que o domingo 17 a degustación será de repostería tradicional de Melide e chocolate. Ademais, haberá actividades infantís de catro a sete da tarde.

**16 e 17 FEBREIRO 2019**

**FEIRA DE OPORTUNIDADES PAZO DE CONGRESOS, MELIDE DE 11 h. 20 h. HORARIO ININTERROMPIDO**

**\* PRIMEIRAS CALIDADES**  
**\* PREZOS REDUCIDOS**  
**\* DESCONTOS**

Degustación de chocolate quente, filloas e repostería tradicional coas túas compras.

**mercamelide**

FOGAR, MOBLE, MEMAXE, MODA, DECORACIÓN, DEPORTES, MERCERÍA, COMPLEMENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS, CALZADO, LENCERÍA, PERFUMERÍA.

Sábado 16  
 \* Filloas gratis a partir das 17 h

Domingo 17  
 \* Degustación de repostería tradicional de Melide.  
 \* Actividades infantís de 16 a 19 h

**PREMIOS POR VALOR DE: 600€**

Pola súa parte, durante toda a fin de semana repartiranse preto de 600 euros en premios. Con cada compra entregarase unha tarxeta rasca que, de estar premiada, será cun vale por importe de dez euros que se poderá trocar directamente en

calquera dos comercios que participen no Mercamelide ata o día 1 de marzo.

A feira de oportunidades Mercamelide está organizada polo Concello de Melide en colaboración coa Asociación de Empresarios.

## Un gran cambio de look, nova campaña de Asetem

Dinamizar o sector comercial con iniciativas innovadoras é un reto cada vez máis difícil. Non obstante, dende o Centro Comercial Aberto Asetem apostan de novo por unha alternativa revolucionaria e fresca coa que chegar a todo tipo de público e implicar ao mesmo tempo ao maior número de persoas posible.



ción enviadas cos datos de contacto ao enderezo electrónico info@studioklec.com. O resultado do cambio de look dos participantes darase a coñecer durante a celebración do desfile de moda primavera-verán que se celebrará na Casa da Cultura de Melide o vindeiro 4 de maio.

“Sabemos que pode ser unha campaña arriscada,

Asetem lanza así a campaña *Cambíame en Melide*, unha proposta paralela á pasarela de moda que se celebrará en primavera, e coa que se pretende dar un novo pulo ao comercio local.

Como? De forma sinxela. Os participantes en *Cambíame en Melide* someteranse a un cambio de look integral que se realizará única e exclusivamente con produtos do comercio local, ben sexa moda, peiteado, maquillaxe, etc.

Para a elección dos participantes realizarase un casting presencial previo, para maiores de 16 anos, que terá lugar o xoves 28 de febreiro ás 20.00 horas nas oficinas de Asetem en Melide. Tamén serán aceptadas as solicitudes de participa-

pero trátase de ofrecer algo diferente que unha vez máis dinamice o noso comercio e promova o consumo local, así que dende aquí animamos a participar a todas as persoas, home e mulleres, que desexen gozar dunha experiencia divertida e innovadora. Ás veces apetece-nos cambiar de look, pero non damos atopado o momento, pois aquí lles ofrecemos a oportunidade perfecta”, sinala Pilar López, xerente do CCA Asetem.

Todas as persoas interesadas en participar na campaña *Cambíame en Melide* poderán obter máis información chamando ao número de teléfono 638 91 80 08, no enderezo electrónico info@studioklec.com e na páxina de Facebook *Asetem*.

## A Deputación convoca os premios ás mellores iniciativas empresariais

A Deputación da Coruña vén de convocar a terceira edición do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, co que pretende recoñecer e promo-

ver o traballo realizado polas empresas, autónomos, Concellos e asociacións empresariais da provincia da Coruña, así como contribuír ao seu


crecemento.

Concederanse un total de cinco galardóns por un importe total de 75.000 euros outorgándose 15.000 euros a cada unha das seguintes categorías: Pemes, Microempresas e Autónomos (onde os premios serán á mellor iniciativa em-

presarial nova, á mellor iniciativa empresarial consolidada, e á mellor iniciativa empresarial xeradora de emprego); categoría dirixida aos Concellos, (na que se premiará ao Concello promotor de emprego de calidade), e categoría dirixida ás asociacións empresariais,

(onde se recoñecerá á mellor asociación empresarial).

A participación só poderá realizarse mediante a presentación telemática da documentación. O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto ata o 28 de febreiro ás 14.00 horas.



Á parte da carta habitual temos:

- cocido **TODOS OS DOMINGOS**
- pratos especiais **TODOS OS DÍAS**



casa  
**alongos**

- Reservas, presupostos para grupos, configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico



“COCINA con CORAZÓN”

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)  
[www.casaalongos.com](http://www.casaalongos.com) / [info@casaalongos.com](mailto:info@casaalongos.com)

Tfno.: 981 506 392  
 Móviles.: 619 229 334 / 686 312 851



## Asetem entrega os premios da campaña de Nadal



Anahy Alcántara, de Librería Cousas, e a gañadora Domitila Agra



Alicia Oro, de Alain Afflelou, e a gañadora Lucía Lamas



Juan Ángel Castro, de Yethi Carburantes, e a gañadora Arsenia García



José Ramón Villamor, de Xoiería Oro Ley, e a premiada Mª José Suárez



Virginia Mato (Xoiería Oro Ley), e a gañadora María del Mar Sánchez



200 € (Sorteo entre o público)

Jorge Celestino Álvarez recolleu o premio de mans de Pilar López (Asetem)

Como en todo sorteo que se prece, a entrega de premios é o momento máis agardado. Iso foi precisamente o que aconteceu nas oficinas do Centro Comercial Aberto Asetem a comezos do mes de febreiro. Deste xeito e para poñer punto e final á campaña de Nadal, unha vez rematado o prazo para que aparecesen todos os galardoados, procedeuse á entrega dos vales de compra a cada un dos afortunados e afortunadas. De mans dos responsables de cada comercio onde recaeron os premios, e da xerente de Asetem, Pilar López, un por un foron recollendo o seu premio. Nesta vixésima edición repartíronse un total de 6.200 euros aínda que finalmente quedaron dous premios desertos: un de 1.000 euros (cuxo número principal se repartiu en Frutería Celia e o reserva en Melimática), e outro de 500 euros (con número principal en Bodegas Mejuto e reserva en Óptica Melide). Os afortunados, que contan cun prazo de 15 días dende a recepción do premio para gastar os seus vales, deberán facelo no comercio de Melide, que recibirá deste xeito unha pequena inxección económica.

**Ser impecable está de moda**  
CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA



www.plagostel.com  
**Plagostel**  
N.R.S. [0177-GAL-SPO]

Analíticas alimenticias | Laboratorio Legionela | Control de plagas  
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399



## Eva Iglesias renova un ano máis como imaxe do CCA Asetem



Alberto Devesa, representante de Eva Iglesias, e Manuel Vázquez, presidente de Asetem, durante a sinatura do contrato

A cantante e artista galega Eva Iglesias vén de renovar como imaxe do Centro Comercial Aberto Asetem. Trala colaboración do ano pasado e os bos resultados obtidos, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide optouse por continuar cun plan de traballo conxunto, durante un ano máis, mediante o cal a popular colaboradora televisiva presentará as pasarelas de moda que organiza a asociación, ademais de participar noutras campañas aínda por determinar.

Durante a sinatura do contrato, tanto o seu representante como o presidente da patronal amosáronse satisfeitos polo acordo.

## Convenio de colaboración entre Asetem e Cualtis en materia de PRL



Manuel Vázquez, presidente da patronal, e Gonzalo Reboredo, director de oficina Cualtis, durante a sinatura do convenio

É un dos aspectos fundamentais en calquera actividade: a saúde no traballo. Pensando niso, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), firmou recentemente un convenio de colaboración con Cualtis, empresa dedicada á Prevención de Riscos Laborais (PRL) e vixilancia da saúde no posto de traballo, polo cal os empresarios asociados a Asetem poderán beneficiarse de descontos de ata o 15% sobre as súas tarifas oficiais.

Dende a patronal apuntaron que se trata dun “convenio de colaboración moi vantaxoso tanto economicamente como de servizo con Cualtis-Mugatra, servizo de prevención de actuación nacional e cunha gran implantación no noso municipio, cubrindo as catro especialidades preventivas, Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía e Medicina no Traballo”.

Entre as vantaxes de servizo para os asociados figura a de que “Cualtis- Mugatra despraza varios días ao mes a un equipo composto por médico e enfermeira á Clínica Rosalmar, para facer os recoñecementos médicos aos traballadores das empresas que teñan o servizo contratado con eles”, destacou Gonzalo Reboredo, director de Cualtis.

## POR SER DE XUSTIZA

### A nova parella na vivenda familiar



**Eva Novás**  
Avogada

No mes de novembro de 2018 o Tribunal Supremo ditou unha sentenza relativa ó uso da vivenda familiar tralo divorcio, que fixa unha consecuencia nova para aqueles cónxuxes que teñan atribuído o seu uso: Se este cónxuxe inicia unha convivencia na que fora vivenda familiar cunha nova parella, perderá o dereito ó uso da mesma.

Xa se establecían consecuencias parecidas para o caso da pensión compensatoria pois, se o beneficiario da pensión iniciase unha convivencia estable cunha nova parella, extínguese o dereito a dita pensión, da mesma forma que se contraese un novo matrimonio. Debido a este efecto, non son poucos os que pese a ter unha nova parella optan por vivir cada un na súa casa e así non perder a compensatoria.

O caso que se analiza na sentenza de novembro é o dun matrimonio con fillos que se divorcia, atribuíndoselle á nai a custodia dos fillos e o uso da casa. Pasado un tempo, a muller refai a súa vida e inicia unha relación, convivindo coa nova parella na que noutrora fora a vivenda familiar.

O Tribunal entende que nestas circunstancias, a nova parella é un terceiro alleo que fai que a casa perda a súa natureza de vivenda familiar. Pois argumenta que se lle atribuíu o uso da vivenda á muller para que convivise nela cos fillos, dos que ten a custodia, e que só os cónxuxes e os fillos forman parte da familia aínda que agora vivan separados tralo divorcio. Así, determina que unha cousa é o uso que se fai da vivenda mentres está vixente a relación matrimonial e outra distinta que ese uso permita chamarlle vivenda familiar se non serve á finalidade propia do matrimonio porque os cónxuxes non cumpren o dereito e o deber propio da relación. A entrada dun terceiro enténdese que provoca que a casa deixe de servir ós fins do matrimonio e, por tanto, deixe de ser vivenda familiar.

Deixa claro tamén o dereito á liberdade persoal e ó libre desenvolvemento da personalidade para establecer as relacións de parella que cada un teña por convinte pero, segundo razoa a sentenza, esa liberdade non se pode utilizar en prexuízo de outros, neste caso do proxenitor non custodio, o pai. Entende que unha nova relación de parella, trala ruptura do matrimonio, ten unha influencia evidente na pensión compensatoria, no dereito a permanecer na casa familiar e incluso no interese dos fillos, pois son circunstancias novas que como tales hai que valorar cando se producen.

Tampouco acepta o argumento de que debe permitírselle o uso da vivenda igualmente á nai por ser quen ten a custodia dos fillos, de modo que prevaleza o interese dos menores: Razo a sentenza que non se está privando ós menores do dereito que teñen a unha vivenda nin tampouco se está cambiando a custodia, que se mantén a favor da nai. Pois aínda que no seu día se lles atribuíu o dereito a vivir na casa en interese dos fillos, non é posible mantelos nun inmovible que xa non ten o carácter de domicilio familiar desde o momento en que a entrada dun terceiro fixo que deixara de servir á finalidade que fixo que se lle atribuíu a ela no momento da ruptura.

Conclúe afirmando que o interese dos fillos non pode separarse do interese dos pais se é posible conciliar ambos dereitos. E que da mesma forma que no seu día os pais buscaron o beneficio dos seus fillos incluso cando decidiron a ruptura do matrimonio, tamén agora pode a nai buscar o interese dos fillos e, se desexa seguir na vivenda familiar ganancial, pode comprar a metade da mesma ou ben poden vendela e adquirir ela outra.

Convén coñecer este novo criterio que, con seguridade, pronto será invocado nos procedementos de modificación das medidas acordadas no divorcio.

**Eva Novás Mato**  
Avogada

**Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**  
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18



## SUBVENCIONS E AXUDAS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

### SUBVENCIONS A PROXECTOS DE ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPAMENTO EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS. (DOGA 19, DO 28/01/2019)

#### Beneficiarios:

- a) Microempresas e pequenas empresas sitas en zonas rurais e constituídas antes do 01/09/2018. Non poden ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas e as comunidades de bens.
- b) Persoas físicas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomo, antes do 01/09/2018.
- c) Titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar, que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas.

#### Sectores incentivables:

- a) Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais.
- b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final non estea incluído no Anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Para este sector, exclúiranse aqueles proxectos cun orzamento elixible superior a 60.000 €.
- c) Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e das empresas de servizos enerxéticos.
- d) Prestación de servizos sociais (garderías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxa-escola...)
- e) Actividades de ocio, recreativas e deportivas.
- f) Actividades artesanais
- g) Actividades baseadas na innovación tecnolóxica e no comercio electrónico.
- h) Actividades de enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.
- i) Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no Anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

**Investimentos subvencionables**, entre 10.000 e 220.000 euros; agás na artesanía que estarán entre os 5.000 e os 100.000 €.

Serán subvencionables a compra de maquinaria e equipamentos novos afectos á actividade empresarial, necesarios para o desenvolvemento da actividade produtiva da empresa.

**Contía:** 45% dos gastos subvencionables

**Prazo de execución e de xustificación dos investimentos:** 01/10/2019

**Prazo de solicitude:** Ata o 28/02/2019

### PROGRAMA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO AUTÓNOMO. (DOGA 18, DO 25/01/2019)

**Beneficiarios:** Desempregados e inscritos como demandantes de emprego, que causen alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou mutualidade de colexio profesional, entre o 01/10/2018 e o 30/09/2019, como titulares ou cotitulares do negocio, cando formen parte de comunidades de bens e sociedades civís.

**Contía:** Ata 9.000 €, segundo o colectivo de perenza.

Obrigas, entre outras: manter a alta no RETA ou mutualidade durante un mínimo de 2 anos.

**Prazo de solicitude:** Ata o 30 de setembro de 2019 (Concurrencia non competitiva. A concesión da axuda realízase por orde de presentación de solicitudes, ata o esgotamento do crédito orzamentario.)

### PROGRAMA DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS

#### ASALARIADAS. (DOGA 18, DO 25/01/2019)

**Beneficiarios:** Autónomos ou profesionais, pola primeira contratación con carácter indefinido, realizada durante o seu primeiro ano de actividade; ou pola segunda e terceira contratación indefinida nos tres primeiros anos de actividade.

Serán subvencionables as contratacións indefinidas iniciais que se formalicen entre o 01/10/2018 e o 30/09/2019, sexa a tempo completo ou parcial, incluíndo a modalidade de fixo discontinuo.

**Contías máximas**, para contratacións a tempo completo:

- Primeira persoa traballadora indefinida: Ata 11.250 €

- Para a segunda e terceira persoa traballadora indefinida: Ata 15.750 €

#### Prazo de solicitude:

Para as contratacións realizadas entre o 01/10/2018 e o 25/01/2019, ata o 25/03/2019.

Para as contratacións realizadas dende o 26/01/2019, ata o último día do segundo mes seguinte á contratación, máximo ata o 30/09/2019.

### PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN. (DOGA 15, DO 25/01/2019)

**Beneficiarios:** Sociedades mercantís, sociedades civís, comunidades de bens, cooperativas e sociedades laborais, de carácter privado, de nova creación (alta IAE dende o 01/08/2018), promovidas por un máximo de 5 persoas (que entre os socios non figure ningunha persoa xurídica), cun capital social máximo de 120.202 €, e que, como mínimo, o 50% do capital social sexa de titularidade de persoas desempregadas, que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Tamén poderán ser beneficiarias as empresas privadas que obtivesen a cualificación como Iniciativa Local de Emprego (ILE).

**Prazo de solicitude:** Ata o 31/07/2019

#### Tipos de axuda:

**1.- SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE.** Incentivarase a creación de postos de traballo estables, incluídos os das propias persoas promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas, ata un máximo de 10; creados entre o 01/08/2018 e o 31/07/2019. Contía máxima: ata 9.000 €, segundo o colectivo.

**2.- SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN.** Formación relacionada con funcións xerenciais da persoa promotora e/ou formación relacionada coa actividade a desenvolver. Contía. Ata o 75% do custe dos servizos recibidos (IVE excluído), co límite de 3.000 €.

**3.- SUBVENCIÓN PARA O INICIO DE ACTIVIDADE** Financiamento dos primeiros gastos da actividade (honorarios de notaría e rexistrador, compra de mercadorías e materias primas, arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, seguro do local, publicidade, páxina web, posicionamento web e subministracións), realizados desde un mes antes ao inicio da actividade empresarial e durante o período subvencionable. Contías: ata 9.000 €, segundo o colectivo.

**4.- SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DA PERSOAS PROMOTORAS.** Financiamento dos gastos de gardaría das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e que sexan titulares de familias monoparentais ou nas cales ambos os cónxuxes realicen unha actividade laboral, dende os 3 meses anteriores ao inicio da actividade ata o fin do

período subvencionable. Contía: 75% do custo dos servizos de gardaría, ata un máximo de 3.000 euros.

### SUBVENCIONS PARA ACTUACIONES DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO (DOGA 19, DO 28/01/2019)

**Beneficiarios:** Persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento, autorizados e clasificados no Rexistro de Empresas de Actividades Turísticas de Galicia (REAT); con unha antigüidade no exercicio da actividade non inferior a 5 anos.

#### Investimentos subvencionables:

Mellora das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas; mellora das instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade turística; mellora da clasificación do establecemento que supoña un incremento de categoría; mellora da climatización coa implementación de medidas de aforro enerxético; renovación e modernización das instalacións e embelecemento do contorno; renovación de equipamentos mobles necesarios para o funcionamento do establecemento de aloxamento. Serán subvencionables os investimentos que se inicien a partir do 01/01/2019 e con un presuposto máximo de 100.000 € (IVE excluído).

**Contía:** Entre o 25% e o 35% do investimento subvencionable, segundo a puntuación obtida da baremación, co máximo de 35.000 € por entidade beneficiaria.

**Prazo de solicitude:** Ata o 28/02/2019.

### AXUDAS A ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA A REFORMA DOS ESTABLECEMENTOS (REFORMA-TUR 19) (DOGA 19, DO 28/01/2019)

As solicitudes da axuda tramitaranse obrigatoriamente nas empresas colaboradoras adheridas ao programa.

**Beneficiarios:** Establecementos hoteleiros cun máximo 40 prazas (hoteles, hoteles balneario, hoteles talaso); establecementos de Turismo Rural situados no camiño de Santiago; e albergues privados situados no camiño de Santiago; autorizados ou clasificados no REAT, Cunha antigüidade no exercicio da actividade no establecemento para o que se solicita a subvención non inferior a 5 anos.

#### Actuacións e gastos subvencionables:

Adquisición de materiais dirixidos á rehabilitación e reforma de establecementos hoteleiros, realizadas nun establecemento adherido ao programa; cun custo mínimo de 10.000 € (IVE excluído).

#### Bens subvencionables:

- Materiais para a rehabilitación de envolventes: fachadas, cubertas, porches, etc.
- Materiais e mobiliario de instalación fixa, para a reforma de interiores e exteriores, cuartos de baño e cocinas.
- Sistemas de climatización, ventilación e auga quente sanitaria.
- Sistemas de iluminación.
- Sistemas domóticos.

**Contía da axuda:** 25% do prezo dos bens, cun máximo de 25.000 € por beneficiario e establecemento. A axuda do IGAPE virá condicionada a un desconto realizado polo establecemento adherido pola mesma contía que a axuda outorgada polo IGAPE.

**Prazo de solicitude:** Do 28/02/2019 ao 30/04/2019. PRAZO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES COLABORADORAS: ATA O 28/03/2019





*Tchin Tchin*  
CRISTALES PROGRESIVOS\*

*Tanto de cerca como  
de lejos, veo perfecto.*

*¡Lo mío es Afflelou!*  
*Sharon Stone*

Ref: LUCAS C1

**TU 2º PAR DE GAFAS  
PROGRESIVAS  
POR 1€ MÁS**

**Y PAGA EN 2 AÑOS**  
SIN INTERESES NI COMISIONES\*\*

\*Ver condiciones en óptica. \*\*Oferta de financiación Nextyear, ver condiciones en óptica. Oferta válida del 04/02/2019 al 31/12/2019. Oferta no sujeta a existencias.

C/Ronda da Coruña, 16 · MELIDE · 981 50 60 97

**ALAINAFFLELOU**

ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259



## SABER DE LEI



### A prisión permanente revisable



E&M AVOGADOS

Nos últimos anos non paramos de escoitar nos medios de comunicación falar da prisión permanente revisable, sobre todo despois de casos tan mediáticos como o de Diana Quer, Mariluz Cortés, Marta del Castillo, o pequeno Gabriel...

Actualmente é a pena privativa de liberdade máxima que temos no noso ordenamento xurídico, e leva en vigor dende o ano 2015.

Pero, cando é aplicable esta pena? Está claro que poucos son os casos nos que se aplica. Só se contempla en crimes contra a

humanidade, en caso de asasinato do Rei ou de calquera xefe de Estado estranxeiro que se atope no noso país, en asasinatos cometidos dentro dunha organización criminal ou terrorista, en asasinatos cometidos despois dun delito contra a liberdade sexual ou en asasinatos onde a vítima fose menor de 16 anos, ou en caso de reos condenados pola morte de tres ou máis persoas.

Esta pena conleva o cumprimento íntegro da pena de privación de liberdade durante un período de tempo que oscila entre os 25 e os 35 anos e é susceptible de ser revisada, unha vez cumprida esa parte da condena, cuxa execución se pode suspender en último estadio. Non ten previsto un límite máximo de duración.

Pode ser revisable e pódese suspender, sempre e cando se cumpran unha serie de requisitos como que o penado cumpra 25 anos de condena, que dispoña do terceiro grado, que exista un pronóstico favorable de reinserción a través de informes favorables, antecedentes do penado, conduta durante a pena... Polo tanto só se aplica en asasinatos de excepcional gravidade.

Actualmente o único condenado en firme a prisión revisable permanente é o pontevedrés David Oubel, que en 2015 matou as súas dúas fillas de 9 e 4 anos cun coitelo e unha serra eléctrica.

A raíz da aprobación da lei moitos foron os que mostraron a súa desconformidade, e foi en 2016 cando o grupo parlamentario vasco logrou que se admitira a trámite unha proposición lei para a súa derogación, a cal está atascada na fase de emendas na Comisión de Xustiza.

As discrepancias políticas sobre o tema son evidentes. Mentres algún partido quere ampliar os casos onde se debe aplicar dita pena, outros buscan a súa derogación, xa que a consideran equiparable á cadea perpetua. Mentres eles discrepan e tratan de legislar sobre o asunto, a sociedade tamén está dividida.

Se a función principal do cárcere é reinserir a persoas que cometeron calquera tipo de delito na sociedade, en moitas das ocasións ao cumprir a súa pena estas persoas aínda non están reinseridas nin preparadas para estar na rúa xa que poden ser reincidentes debido a que o tempo de privación de liberdade non foi suficiente para o obxectivo principal. Polo que con esta lei garantiríase de mellor xeito que a reinserción chegase ao seu fin, prolongándose maior tempo a súa condena. Para outros é un ataque á liberdade individual de cada individuo, chegando incluso a dubidar ou cuestionar a súa constitucionalidade. De feito é considerada a pena máis dura de toda Europa.

Pero no noso ordenamento xurídico non é a primeira vez que temos este tipo de pena. Se nos remontamos a 1822 o código penal contemplaba a condena de traballos perpetuos; no código de 1848 aparece por primeira vez a cadea perpetua, abolida en 1932 e, posteriormente, durante a ditadura franquista instaurouse a pena de morte que loxicamente desapareceu coa democracia.

Pero a cuestión a analizar para tratar o tema é a de se nos tempos nos que estamos esta lei é un paso atrás cara a evolución social ou é un bo método exemplarizante para evitar a comisión de futuros delitos dentro dun marco constitucional sen agredir a dignidade humana.

Cada un de nós podemos ter a nosa opinión e teorizar sobre esta lei, pero no que todos coincidimos e que é un tema controvertido.

Privar a alguén de por vida dun dereito fundamental como é a liberdade... o límite... onde está?... cal é?...

E&M AVOGADOS  
Ana Mato e Iria Expósito

Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide  
Tlfs: 605 270 282/671 833 425



## Promoción Captación Nominas

Smart TV Samsung 32" Nuevo modelo: UE32N4300

**Cuenta Family sin comisiones**

Con tu nómina, en CaixaBank disfrutarás de múltiples ventajas<sup>1</sup>, como las que te ofrece la Cuenta Family. Te ahorrarás los costes de:

Mantenimiento y administración

Las cuotas de emisión y mantenimiento de dos tarjetas de crédito<sup>2</sup> (titular y beneficiario)

Transferencias ilimitadas por cajero y CaixaBankNow

Certificados solicitados por CaixaBankNow



Ahora el Telepeaje Gratis con tu Nomina



- Domiciliación de nóminas  $\geq$  600 € al mes
- Pago por cuenta de 3 recibos domiciliados al trimestre
- Tres compras con tarjeta al trimestre
- Contratar una Cuenta Family o Cuenta Premium
- Permanencia 24 meses de la nómina y 24 meses adicionales como cliente



## centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



**ÓPTICA**stábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE  
AUDIOPRÓTESIS  
E.15-001241

REXCE  
ÓPTICA  
E. 15-001238



## A Asociación Cultural e Musical O Castelo renuncia á organización da Foliada de Melide

Denuncian “a falta de apoio institucional por parte do Concello de Melide”

A través dun comunicado, a asociación cultural O Castelo anunciou a súa “renuncia de xeito definitivo e irrevocable á organización da Foliada de Melide, poñendo así punto e final a un percorrido que comezou hai catorce anos e a través do cal se foi construindo un dos eventos de música e baile tradicional máis importantes de Galicia”, anunciaron.

Segundo explicaron, “trátase dunha decisión tan dorosa como meditada, froito dunha longa reflexión, que nos vemos obrigados/as a tomar en boa medida pola falta de apoio institucional, concretamente do Concello de Melide”.

O colectivo denunciou así que o goberno municipal non atendese as súas peticións nunha reunión celebrada o pasado 12 de xaneiro. En dito encontro demandaron solucións a “deficiencias e necesidades detectadas en anos anteriores”. Mais o feito de non obter resposta por parte do consistorio case un mes despois “e a só tres da celebración do evento”, propiciou que dende o colectivo interpretasen “unha falta total de compromiso coa cultura feita dende Melide e un evidente desinterese por colaborar na organización da Foliada e facilitar a súa organización”.

### Desculpas e agradecemento

Dende a agrupación cultural quixeron aproveitar o comunicado para pedir desculpas a todos os que, interesados na organización da Foliada de 2019, “estiveron agardando unha resposta”, e agradeceron a colaboración do pobo de Melide, entidades, persoas e agrupacións de música tradicional “que nestes últimos 14 anos nos acompañaron na última fin de semana do mes de abril”.

### Resposta do Concello

Non tardaron, neste caso, en responder dende o Concello de Melide. Tamén a través dun comunicado lamentaron en primeiro lugar a decisión do colectivo de “suspender a organización da XV Foliada” e lembraron que sempre se “apoiou economicamente e materialmente á Foliada, non só en instalacións, senón tamén con medios humanos e materiais, asinando anualmente un convenio nominativo de 4.000 euros”.

Así mesmo, aclararon que o Concello non pode ceder o espazo da Praza das Coles para celebrar concertos debido a que se trata dun lugar ocupado polos postos do mercado dominical, e que o seu cambio de emprazamento “non é

algo potestativo do goberno, senón que existe un dereito adquirido con respecto aos comerciantes ambulantes de manter a súa posición”.

Finalmente, o Concello de Melide agradeceu á asociación O Castelo “o seu traballo nestes catorce anos” e lembrou que teñen “a mantida” e están “abertos a calquera solución para que non suspendan definitivamente a foliada de Melide”.

### Aluvián de reaccións

A noticia da suspensión da XV Foliada de Melide caeu como un xerro de auga fría na vila propiciando multitude de reaccións e mostras de apoio ao colectivo cultural a través das redes sociais. Foron moitos os que quixeron agradecer o traballo realizado durante todos estes anos por parte da ente cultural O Castelo, mentres que dende a oposición, o PSdeG-PSOE de Melide anunciou que “de acordo co BNG”, vai recoller información para posteriormente “solicitar a convocatoria dun Pleno Extraordinario”.

“Lamentamos que o Concello de Melide non lle teña ningún aprezo á nosa cultura e que deixe morrer unha Foliada que é seña de identidade do noso Concello”, apuntaron pola súa parte dende o BNG.

## Piden transparencia na adxudicación das prazas do comedor no Colexio N<sup>o</sup>1

“Transparencia no proceso de adxudicación das prazas do comedor escolar”, esa é a principal demanda da Anpa O Forte, no Colexio Número 1. A petición chega despois de que meses atrás quedaran varias prazas libres no centro (prazas que estaban sendo ocupadas por alumnos do instituto e que se viron obrigados a abandonar), e os pais decidisen solicitar as vacantes.

“Está a ser un proceso confuso e bastante caótico, non temos claras as cifras do comedor e queremos coñecer información oficial e clara sobre as prazas dispoñibles e os criterios de adxudicación”, explicaron dende a Anpa. “Por poñer un exemplo, unha das listas de suplentes que se sacou foi por orde alfabética e non por orde de prelación, e non só iso, rematado o prazo preguntamos cantas alegacións había para as prazas do comedor e dixéronnos que de incompatibilidade horaria dos dous pais había 6, e acabado o prazo para presentar as alegacións resulta que había 7”, engadiron.

Ante esta situación, dende a Anpa O Forte solicitaron unha reunión coa inspección de educación para poder trasladar as súas denuncias. “En dita reunión chegamos a un acordo polo que unha vez ao mes a presidenta da Anpa e a dirección do centro manteriamos un encontro para tratar cuestións como a do comedor. Ademais, solicitámoslle ao director do centro que facilitase na medida do posible as reunións cos pais, tendo en conta os horarios e as formas”.

Do mesmo xeito, o colectivo de pais e nais instou á Administración a revisar os criterios de adxudicación do comedor, “posto que non vemos coherente que o principal criterio para entrar no centro sexa ter un irmán dentro, e sen embargo para acceder a unha praza no comedor non conte para case nada”, dixeron, “é unha norma un pouco incongruente”, engadiron.

### Outras peticións

Dende a Anpa O Forte tamén quixeron deixar constancia de que levan tempo demandando certas melloras nas instalacións, “que xa foron trasladadas no seu momento tanto ao Concello como ao centro”, tales como a construción dunha cuberta á entrada do colexio para que os nenos non se molen cando chove, a necesidade dunha sombra no patio exterior ou o arranxo dos aseos.

Pola súa parte, dende a dirección do centro explicaron que “o lóxico é que se hai máis nenos que prazas sempre quede alguén fóra”, e que “co orzamento destinado ao colexio actúase segundo as prioridades”.

### Os alumnos do IES, tamén afectados

Dende o Consello Escolar do IES Melide tamén quixeron deixar patente o seu malestar coa xestión das prazas do comedor. “Resulta que os nenos do instituto que acudían ao comedor do Colexio N<sup>o</sup>1 agora non poden facelo e dende Educación non se lles buscou solución algunha; a única alternativa está a ser un bocadillo na cafetería, e o verdadeiramente incomprendible é que deixen aos rapaces sen comedor a mediados de curso cando son alumnos que teñen clase pola tarde e polo tanto é inviable que poidan ir e volver a casa”, denunciaron.

No Consello Escolar cuestionouse ademais a existencia dun único comedor. “A falla de buscar unha solución, tampouco ten sentido que o Colexio N<sup>o</sup>1 teña comedor e o resto dos colexios non, cando todos están en igualdade de condicións ao non ter clase pola tarde”, especificaron.

## FOTODENUNCIA



Andar para aquí e para alá parece que está de moda ata cos colectores do lixo. Polo menos iso é o que denuncian veciños da rúa Magallanes (esquina con Avenida América), onde os contedores están situados fóra do seu lugar. Iso provoca que os coches aparquen a ambos lados, e que o resto de vehículos teñan problemas á hora de xirar e de entrar ao garaxe, ademais de impedir o paso a unha rampla da beirarrúa para persoas con mobilidade reducida. Os mesmos veciños denuncian tamén o mal cheiro que teñen que soportar nas súas vivendas cada vez que se abren os colectores ao estar situados xusto debaixo das ventás, e que a situación xa foi notificada mediante escrito no Concello.

## Charla informativa sobre as subvencións da Deputación



O salón de actos da Asociación de Empresarios Terra de Melide acolleu unha charla informativa sobre as diferentes subvencións da Deputación da Coruña na que interviñeron o deputado provincial, Antonio Leira, e a técnica da Deputación, Jessica Lago. Dirixida principalmente ás asociacións e clubs que traballan no eido da cultura e o deporte, nos servizos sociais, asociacións de nais e pais, e asociacións veciñais, así como a outros colectivos que poden optar ás subvencións, os asistentes recibiron información específica de cada unha das convocatorias vixentes. Tamén se resolveron dúbidas con respecto ás subvencións sobre prazos e requisitos.



## Máis de un millón de euros da Deputación sen executar



“O Concello de Melide ten obras por un importe de máis de un millón de euros sen executar dos fondos provinciais dos anos 2015, 2017 e 2018”, denunciou o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Melide a través do seu voceiro, José Antonio Prado, quen engadiu que “é o único concello da zona que non adxudicou nin unha sola obra do Plan Único Provincial en dous anos”.

Analizando as cifras polo miúdo, Prado aclarou que “do PAS 2015 (Plan de acción social) están sen adxudicar un total de 130.000 euros destinados a cambiar as ventás do Edificio Multiusos e a cambiar a cuberta lateral do Polideportivo. Do POS 2017 están sen adxudicar máis de 457.000 euros para arranxar

diversos accesos como á escola de Baltar, a Traspedra e a reforma da Rúa Mateo Segade Bugueiro. Corresponsable ao ano pasado, do POS 2018, 580.000 euros sen tan sequera iniciar o proceso de licitación para obras na rúa Camiño Real e a mellora da pavimentación na Ponte da Pedra e outra pistas”.

Para os socialistas os datos amosan a clara “parálise á que ten sometido o goberno do PP a Melide”, e destacan que “o informe de intervención preceptivo para a liquidación do ano 2017 é concluínte no capítulo de investimentos ao afirmar que -textualmente- debe indicarse a moi baixa execución en investimentos realizada neste exercicio 2017 que se liquida ao igual que no exercicio 2016”.

## Bonifican o IBI a 18 explotacións gandeiras

O Concello de Melide aprobou 18 bonificacións do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), a explotacións gandeiras. Dende a entrada en vigor da ordenanza o pasado 13 de abril do ano 2018, presentáronse no Concello de Melide, na anualidade 2017, 20 solicitudes das que 14 foron admitidas para trámite e aceptadas por cumprir con todos os requisitos. Foi no pasado ano 2018 cando se presentaron 7 solicitudes, das cales 4 resultaron admitidas. Dende o goberno local explicaron que “as outras tres poden subsanar a falta de documentación ou as deficiencias encontradas”.

Dalia García, alcaldesa de Melide, indicou que “son expedientes que requiren a maioría das veces moita documentación que debe ser adaptada ao titular actual do inmovible. Melide foi un dos primeiros en declarar a actividade agraria como prioritaria e de utilidade pública para o seu concello”. Así mesmo, García recordou a toda a veciñanza “a posibilidade de solicitar este trámite sempre no ano inmediatamente anterior á entrada en vigor da bonificación”.

## O colectivo de troiteiros celebra a súa asemblea xeral



A Asociación de Troiteiros Río Furelos celebrou a súa XVI Asemblea Xeral Ordinaria o pasado sábado 26 de xaneiro. Durante a mesma, deron conta das xestións levadas a cabo no ano 2018 pola Xunta Directiva e aprobaron os presupostos para o ano 2019, a cota de socio e as actividades programadas. Tamén se aprobou a unificación do colectivo á Asociación Galega de Sociedades de Pesca (AGSP). Entre as actividades a realizar para este ano atópanse o XV Campionato de pesca da Terra de Melide o vindeiro 6 de abril, ou as XVI Xornadas de Limpeza río Furelos e afluentes nos meses de agosto e setembro. A Asociación de Troiteiros Río Furelos, que tamén vén de renovar a súa condición de entidade colaboradora de Medio Ambiente, ten na actualidade 327 socios.

## Aproban a urbanización de 15.590 m<sup>2</sup> de solo para vivenda unifamiliar

O Concello de Melide aprobou en pleno e de maneira definitiva a modificación do polígono 2 do SAU 11 (situado nas inmediacións da Avenida de Compostela), que modificará 15.590 metros cadrados de solo urbano e permitirá a construción de vivendas. Dende o goberno local sinalaron que logo da aprobación inicial da modificación do planeamento o pasado 14 de maio de 2018, e despois de contar con todos os permisos sectoriais e urbanísticos de maneira favorable, “dáse así luz verde á urbanización do último sector do SAU 11 nunha zona de Melide moi céntrica”. O desenvolvemento urbanístico deste sector finalista do SAU 11 é un dos primeiros proxectos que leva a cabo do Concello de Melide logo da entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia, “e beneficia por unha banda aos promotores, e por outra aos propios veciños xa que poñerá a disposición dos particulares novas parcelas aptas para a construción de vivendas unifamiliares”.

## Incrementan as horas de axuda no fogar e atención á dependencia

O Concello de Melide aprobou un aumento de 3.336 horas dentro da prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás persoas en situación de dependencia, acadando así un total de 35.664 horas anuais. É o terceiro incremento que se produce con Dalia García como rexedora melidense, “sendo esta unha das cuestións nas que máis se traballa dende o goberno local e dende a concellería de Igualdade e Benestar”, apuntaron dende o Concello. Tanto a axuda a domicilio como a axuda en réxime de dependencia supón un recurso público moi demandado polos usuarios das 26 parroquias do rural e do casco urbano.

## Arranxo de pistas en Santa María

O Concello de Melide adxudicará o proxecto de pavimentación e aglomerado en quente de dúas pistas de Santa María: o acceso ao Carballal e acceso á igrexa de Santa María dende a N-547. Será na vindeira Xunta de Goberno Local que se celebrará o xoves 14 de febreiro. O importe da realización destes traballos será de 59.700,19 euros.

## Arquivada unha denuncia contra a alcaldesa polas augas do río Furelos

A denuncia en relación á calidade das augas do río Furelos por parte da Asociación Cultural e Veciñal Melidá produciuse o pasado ano. Agora, tras coñecer o arquivo da mesma, a alcaldesa de Melide, Dalia García, amosouse convencida de que se trata dunha “persecución persoal e de desprestixio acerca da súa persoa, chegando ao extremo da presentación por parte da Asociación Cultural e Veciñal Melidá dunha denuncia de ter prevaricado, delinquirado contra o medio ambiente e atentado contra a saúde pública”.

Ante isto, García defendeu que “como alcaldesa de Melide podo dicir que tanto os meus concelleiros coma min temos a conciencia moi tranquila de ter loitado por mellorar a calificación da auga de baño do río Furelos así como analizar tecnicamente cales eran as

causas”.

A rexedora melidense engadiu que “instrumentalizar un problema medioambiental nunha causa xudicial con acusacións tan graves como o de delito contra a saúde pública é xogar coa reputación dunha área recreativa que recibe centos de visitantes nos meses de verán”, dixo.

### Seguirán denunciando as irregularidades

Pola súa parte, dende a Asociación Veciñal Melidá anunciaron que “seguirán fiscalizando a xestión do Concello no río Furelos” e continuarán “denunciando as irregularidades que se cometan”.

O colectivo explicou que se limitaron a “poñer en coñecemento da fiscalía feitos probados como que a alcaldesa e o concello fixeron público que a calidade das augas da praia flu-

vial de Furelos era suficiente, cando as análises oficiais da Consellaría de Sanidade dicían que era insuficiente”.

Dende a agrupación veciñal lembraron así mesmo que “a praia fluvial de Furelos leva tres anos consecutivos apañando a cualificación ‘insuficiente’ na calidade das súas augas” e polo tanto “o baño podería prohibirse na praia fluvial se non solucionan o problema da contaminación antes de que remate o 2020”.

A Asociación Veciñal Melidá criticou ademais o “obstruccionismo permanente do Concello de Melide” á hora de atender calquera petición para desenvolver a súa actividade e defendeu que a súa única obsesión é que “unha persoa que está a dar constantes probas de ineficacia e ineptitude política ocupe un cargo de tanta responsabilidade como unha alcaldía”.



## A primeira casa niño da comarca abrirá en Santiso o vindeiro mes de marzo

A súa responsable é Ana Fernández e decidiuse a poñer en marcha este proxecto porque “é algo fermoso para min e para o propio municipio”. Ten claro que se trata dunha iniciativa que servirá para avanzar, “é como unha oportunidade que se lle dá á xente do concello, e ao propio concello, para que avancemos, pois no rural non dispoñemos de todas as facilidades que necesitamos; moitas veces a xente nova con nenos ten que desprazarse a vilas máis grandes, así que isto é como unha oportunidade para todos”.

Ana Fernández explica que se trata dun proxecto promovido pola Xunta de Galicia, pero sobre todo, que se trata dunha iniciativa moi ben recibida entre os veciños e moi respaldada polo Concello de Santiso. “Axudáronme en todo momento a que isto fose adiante, senón non sería posible”, di.

O servizo consiste nun punto de atención á infancia totalmente gratuito para nenos de entre tres meses a tres anos. “É como se fose unha gardería pero diferénciase das



Ana Fernández, promotora da iniciativa, xunto á futura casa niño

tradicionais no número de nenos porque só haberá un máximo de cinco; ademais de que é gratuita para os pais”.

Á casa niño de Santiso poderán acceder os nenos e nenas empadroados no concello e, de non completarse as prazas, os nenos empadroados en concellos limítrofes que non teñan ningún punto de atención á infancia. Para facer a solicitude, os interesados deberán poñerse en contacto coa súa responsable a través do teléfono 639 65 69 24, ou ben a través do enderezo electrónico [anfernandez353@gmail.com](mailto:anfernandez353@gmail.com).

Nestes momentos Ana conta

xa con tres inscritos. “A día de hoxe teño tres prazas cubertas para tres nenas; unha delas de ano e medio e as outras dúas de dous anos e medio cada unha”.

Entre as vantaxes do servizo, a súa responsable destaca tamén “o feito de que os nenos poidan ir acostumándose antes de entrar ao colexio ás dinámicas con outros nenos, e tamén á relación docente neno, ademais de por suposto suplir a carencia da conciliación nun entorno como é o rural”, explica.

Axóuxere, que así se chama a casa niño, está previsto que abra as súas portas o vindeiro mes de marzo.

## Preocupación ante o risco medioambiental da granxa porcina instalada en Toques

Trala denuncia feita por parte da Asociación Cultural A Toca amosando a súa preocupación pola instalación dunha granxa porcina nas inmediacións da igrexa románica de San Antolín, en A Capela (Toques), agora é a Asociación de Troiteiros Río Furelos a que manifestou a súa preocupación polo proxecto.

“Solidariedade, preocupación e alerta, esas son as tres palabras que resumen a nosa postura no tocante ao proxecto de macrogranxa porcina que, contravindo o sentido común, se vai construír a escasos 200 metros do entorno de San Antolín de Toques, catalogado como ben de interese cultural (BIC)”, sinalou o presidente do colectivo, Xabier Pazo. “A denuncia pública que vén de facer nos medios de comunicación a asociación cultural A Toca pon en evidencia a inexplicábel actuación de Patrimonio e da Consellaría de Medio Ambiente, autorizando semellante instalación”, engadiu.

Para o colectivo, “o lugar



previsto reúne todos os requisitos para ocasionar nun futuro próximo unha auténtica desfeita, non só no plano turístico, polo impacto visual e olfativo que experimentarán os visitantes desa paraxe, senón no medioambiental”. Así mesmo, din, “os residuos desta macrogranxa dunha maneira ou doutra acabarán afectando aos acuíferos, ás correntes de auga e en definitiva ao Furelos. Non esquecemos o desastre do río Catasol no 2009”.

Pazo tamén puxo de manifesto a súa preocupación pola xestión dos xurros da granxa e afirmou que se manterán alerta

“para denunciar o máis mínimo incumprimento da lexislación vixente e reclamar da Administración un control permanente e transparente sobre todo o proceso de produción e eliminación de residuos”.

O colectivo de troiteiros, ademais de solidarizarse coa asociación cultural A Toca polo emprazamento “totalmente inapropiado desta granxa”, estará permanentemente alerta e “solicitaremos que se leven a cabo as análises periódicas das augas que sexan precisas para verificarmos que se cumpren os parámetros requiridos pola lexislación”, concluíron.

## A Deputación ampliará o segundo tramo da estrada DP 8001 de Cruces a Penablanca, en Sobrado



O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, reuniuse co alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, para abordar diversos asuntos relacionados coa mellora de infraestruturas no municipio.

Na reunión, Formoso confirmoulle ao rexedor que o servizo provincial de Vías e Obras xa ten moi avanzada a redacción do proxecto para acometer a segunda fase dos traballos de ampliación e mellora da estrada DP 8001 de Cruces a Penablanca e que o Goberno provincial espera poder dar luz verde definitiva ao proxecto no pleno de febreiro ou marzo.

As obras darían continuidade ás xa realizadas pola Deputación da Coruña nos primeiros tres quilómetros da vía, que supuxeron

un investimento de preto de 200.000 euros para ampliar a plataforma da estrada dende os 4,5 ata os 7,5 metros (8 nalgúns puntos), aproveitando a zona de dominio público existente nas marxes. Así, a Deputación da Coruña asumirá a petición do Concello de Sobrado de continuar a ampliación da vía noutro tramo de aproximadamente 3 quilómetros da estrada.

### Ampliación da ponte

González Formoso anuncioulle tamén ao alcalde que a Deputación vai sacar a licitación a redacción do proxecto para a ampliación da ponte sobre o río Mandeo, no quilómetro 3 da vía, que supón un punto estreito. O proxecto permitirá igualar o ancho da estrada en todo o seu percorrido.

## Miguel Castro Vázquez, novo candidato do PP á alcaldía de Toques trala renuncia de José Castro



Miguel Castro Vázquez será o novo candidato á alcaldía do Concello de Toques nas eleccións municipais que se celebrarán no mes de maio. A decisión chega despois de que o anterior candidato, José Castro Fraga, decidise dar un paso a un lado por motivos persoais, abrindo así unha nova etapa na formación local, co obxectivo de renovar o partido coa chegada de xente con ideas novas. Respaldo polos integrantes do Partido Popular de Toques, Castro Vázquez, empresario, asume, con 36 anos, o novo reto coa intención de “integrar e contar con todas aquelas persoas que queiran sumarse a un proxecto que aspira a lograr a alcaldía do municipio nos próximos comicios locais”.



## Adxudicadas as obras nas curvas do Toxo, que comezarán este trimestre

A Deputación da Coruña deu luz verde definitiva ás obras de eliminación das curvas do Toxo, na estrada DP 4604, entre os termos municipais de Toques e Melide.

As obras foron adxudicadas por 299.390 euros á empresa Francisco Gómez e Cía e está previsto que comencen durante o primeiro trimestre do ano.

Dita actuación suporá a eliminación definitiva dun punto negro de tráfico, no que se rexistra unha elevada sinistralidade, coa corrección e mellora do trazado nun tramo de 600

metros que discorre entre os puntos quilométricos 4+060 e 4+650, coñecido como as curvas do Toxo, entre os núcleos de A Cabana (Toques), e o de Pereira (Melide).

Neste tramo, a vía, que conta actualmente cun ancho de 7 metros, pasará a ter unha plataforma de circulación de 9 metros, con dous carrís de 3,5 e beiravías de 1,5 metros en ambas marxes da estrada.

### Satisfacción no goberno local

O rexedor de Toques, Miguel

Buján, amosou a súa satisfacción pola adxudicación das obras e agradeceu “á Deputación da Coruña este esforzo que fixo con Toques, que seguro vai redundar nunha mellora que beneficiará a todos os veciños e veciñas que circulan a diario por esta estrada”.

Buján engadiu que “ao mesmo tempo tamén agardamos con impaciencia a contratación das obras da Travesía de Souto, un proxecto tamén importante para humanizar o núcleo de poboación do municipio de Toques”.

## Toques disporá dun centro sociocultural e relixioso antes de que remate o ano

Trátase dun “centro sociocultural con diversos fins”, así o explicou o rexedor do municipio, Miguel Ángel Buján. Nestes momentos “o Concello está intentando facer unha permuta de soares para que o Bispado poida construír”, engadiu.

Non será polo tanto un centro do Concello, senón do propio Bispado de Lugo, no que se prestará “atención a todo

tipo de xente, tamén con oficios relixiosos e con outras actividades de catequese, teatro e iniciativas similares”, detallou o alcalde. “Dende o Concello xestionamos o proceso e recibimos a cambio uns terreos en Ordes cunha construción que queremos dedicar ao servizo da parroquia”.

Está previsto que a construción das instalacións se re-

alice o presente ano. “Non temos o proxecto aínda, pero antes de finais de ano debería estar rematado o centro. Agora, unha vez que fagamos a permuta dos terreos o Bispado presentará o proxecto e se se axusta á legalidade daremos licenza”, afirmou Buján.

O centro sociocultural-relixioso estará a disposición e uso de todos os veciños.

### Achegas da Xunta para o mantemento de camiños municipais

CONCELLO	Asignación	Anualidade 2019	Anualidade 2020
MELIDE	70.849 €	35.424,50 €	35.424,50 €
SANTISO	51.536 €	25.768,00 €	25.768,00 €
SOBRADO	66.016 €	33.008,00 €	33.008,00 €
TOQUES	44.988 €	22.494,00 €	22.494,00 €
Total	233.389 €	116.694,5 €	116.694,5 €

### XANEIRO DEIXA 24 DESEMPREGADOS MÁIS NA COMARCA

CONCELLO	Parados mes actual	Parados mes anterior	VARIACIÓN
MELIDE	425	401	24
SANTISO	81	83	-2
SOBRADO	66	59	7
TOQUES	56	61	-5
<b>Total (XANEIRO 2019)</b>	<b>628</b>	<b>604</b>	<b>24</b>

### Cursos para desempregados en Sobrado

O Concello de Sobrado ofrece varios cursos para desempregados. Un deles é o curso gratuíto de “Produción e transformación de leite ecolóxico en Galicia e Asturias”. Esta acción formativa ten como obxectivo aportar os coñecementos necesarios para xestionar unha explotación láctea ecolóxica. Conta coa modalidade presencial, a distancia ou mixta. Para obter máis información, os interesados poden chamar ao número de teléfono 981 530 500, enviar un correo a [formacionfb@unionsagrarias.org](mailto:formacionfb@unionsagrarias.org) ou ben consultar a web [www.unionsagrarias.org](http://www.unionsagrarias.org)

### Apicultura ecolóxica

A outra actividade é un curso tamén gratuíto para desempregados sobre a “Apicultura ecolóxica en espazos protexidos como fonte de emprego”. Neste caso, perséguese mellorar as cualidades e a empregabilidade das persoas que buscan traballo, así como fortalecer o sector apícola. En modalidade presencial, mixta ou a distancia, os interesados poderán obter máis información chamando ao 981 530 500, na web <http://asefoga.org> ou escribindo a [formacionfb@asefoga.org](mailto:formacionfb@asefoga.org). O prazo de inscrición remata o 28 de febreiro.

### II Congreso de Turismo ‘Sentir do Norte’

O alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, mantivo unha reunión de traballo cunha empresa de comunicación co obxectivo de elaborar un proxecto de imaxe de marca. O encontro serviu para sentar as bases da organización dunha II edición do congreso de Turismo ‘Sentir do Norte’; un evento cuxa finalidade é dar a coñecer, descubrir e potenciar o Camiño do Norte, que pasa por Sobrado.

### Convenio entre Sobrado e Curtis para o uso das instalacións deportivas

Segundo informaron dende o Concello de Sobrado, os veciños e veciñas do municipio de Sobrado e de Curtis poderán utilizar indistintamente as instalacións deportivas de ambos municipios, grazas a un convenio de colaboración que os dous rexedores, Lisardo Santos e Javier Francisco Caínzos, asinaron a finais do mes de xaneiro. Agora, os residentes en Sobrado poderán acceder, por exemplo, a instalacións como o ximnasio de Curtis. O obxectivo deste convenio de colaboración é reforzar e incrementar os servizos dos residentes en ambas as dúas localidades.

### Recoñecemento ao Ayude de Santiso



O goberno local do Concello de Santiso, presidido polo alcalde Manuel Adán e acompañado polos concelleiros Pablo Oro e Begoña López, recibiu aos 17 medallistas nacionais e internacionais da Escola Ayude. O rexedor de Santiso destacou “o orgullo que sente o Concello por ter unha escola deportiva deste nivel e ser un referente deportivo nacional e internacional”. Pola súa parte, José Ayude agradeceu o recoñecemento aos deportistas e o apoio institucional, material e emocional.



## Portodemouros: un transporte do século pasado

“Un barco obsoleto, o deixamento de funcións por parte da Consellería e o incumprimento das condicións da concesión por parte da empresa que explota o encoro” son as denuncias dos usuarios

A suspensión durante varias semanas o pasado mes de xaneiro do servizo que presta a barcaza do encoro de Portodemouros, entre os concellos de Santiso e Vila de Cruces, puxo enriba da mesa, unha vez máis, unha vella demanda entre os veciños e usuarios que a diario empregan este servizo dende mediados dos anos 70: a necesidade de manter un paso verdadeiramente operativo entre ambos municipios.

Xustamente por estas datas, hai agora un ano, dende a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros, xunto cos alcaldes de Santiso e Vila de Cruces, pedíanlle á Xunta de Galicia unha barcaza nova e esixían melloras nas ramplas de acceso e na iluminación e sinalización da súa contorna. De todo iso pouco ou nada se sabe.

“A día de hoxe estamos pendentes dunha reunión que solicitamos coa Consellería de Medio Ambiente hai un ano e medio. Non soubemos máis nada e coa remodelación de goberno que houbo na Xunta, as competencias de Medio Ambiente nesta materia pasaron á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pero dinnos que non saben nada e que o mellor que podemos facer é solicitar outra reunión que xa está pedida”, explica José Luis Carril, voceiro da Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros.

As súas peticións continúan a ser as mesmas. “Mantemos que o barco está obsoleto porque ten avarías constantes. De feito en todo 2018 tivo mínimo catro incidencias. Funciona mal, agora mesmo estivo 15 días parado, logo dous días máis e a única alternativa foi dar unha volta de 30 quilómetros”, destaca José Luis.

E non só iso, a obra para a ampliación das ramplas está sen acabar. “Nunha reunión que mantivemos hai tempo no Concello de Vila de Cruces cun representante de Fenosa e outro da Consellería reivindicamos que debería de haber un estudo de enxeñería de camiños para ver exactamente cal debería de ser o ancho da rampla. Nós consideramos que o ancho deben ser 13 metros. Iso non se fixo e decidiron que era



Barcaza que une as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), dende os anos 70

máis que suficiente ampliara de sete a nove metros. Ben, pois empezaron a obra e deixaron o ancho en nove metros que seguimos considerando insuficiente. Quedaron tamén en facer 230 metros de largo da rampla, fixeron pouco máis de cen, dixeron que cando volvese a baixar o embalse farían o resto da obra e tampouco se fixo. O caso é que, en canto a lonxitude e ancho, os vehículos seguen tendo problemas para acceder ao barco co seguinte perigo que iso implica. Hai tractores que xa decidiron non pasar. E que fai a Consellería? A Consellería está totalmente ausente, non sabemos nin quen supervisou a obra, en caso de que alguén a supervisase”, engade Carril.

**Deixamento de funcións**  
O malestar entre os usuarios é máis que evidente se temos en conta que a empresa encargada da explotación do encoro –Naturgy, anteriormente denominada Fenosa– ten a obriga de manter o paso operativo e en óptimas condicións tal e como se recolle nas condicións da concesión de explotación.

“Non só é o barco, pero xa que poñen o barco, polo menos que cumpran as condicións da concesión. Nós

entendemos que se che poñen unhas condicións e ti as incumpres, o Estado, e neste caso a Xunta, tamén che pode retirar esa concesión. Dubidamos que se poida interromper o paso cando a empresa o considere, salvo unha catástrofe, e dubidámolo porque eles na concesión teñen a obriga de manter o paso 24 horas 365 días ao ano. Falamos dun incumprimento total porque nin Fenosa cumpre as condicións nin a Consellería lle obriga a cumprilas. Hai unha desidia e un grave deixamento de funcións por parte da Consellería, porque si é certo que hai o paso, pero non está nas condicións idóneas e tampouco lle obrigan a cumprilas”, insiste José Luis.

Neste senso, dende a asociación de afectados aclaran ademais que se a empresa ten a obriga de manter ese barco é con cargo á explotación do encoro e non con cargo aos presupostos da Xunta. “Nós cando esiximos que se manteña o paso non llo estamos quitando á sanidade ou á educación, ou ao coidado dos maiores, que hai moita xente que pensa que si, e para nada é así. A responsabilidade e a obriga é de Fenosa (actual Energy), e calquera avaría vai con cargo

aos beneficios de explotación do embalse por parte da propia empresa, nunca da Xunta porque non é un servizo que preste a Xunta. Cal é a cuestión, que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten a obriga de velar porque Fenosa cumpra todos e cada un dos termos da concesión, cousa que tampouco fai”, matiza Carril.

A barcaza do encoro de Portodemouros presta servizo a unha media anual de 20.000 vehículos segundo os datos que manexan dende a asociación.

### Unha loita que xa comezou nos anos 60

O problema do tránsito para os veciños de Santiso e Vila de Cruces (entre nas parroquias de Beigondo e Loño) iniciouse a comezos dos anos 60 cando se outorgou o decreto de concesión de explotación da conca do río Ulla e se construíu o encoro de Portodemouros. As comunicacións e pontes que unían ambas parroquias desapareceron ao encherse a presa.

Ao quedar sen paso comezaron nesa época unha serie de mobilizacións dos veciños sen conseguir a ponte que sempre demandaron.

No mes de xuño do ano 1972 un grupo de cinco mozos da parroquia de Loño, en Vila de

Cruces, “que ían de madrugada da romaría de Beigondo”, ao cruzar nunha embarcación pequena afogaron. Iso dalgunha maneira revivió o problema. “Foi nese momento cando as autoridades decidiron obrigar á empresa a poñer un barco, pese a que a xente seguía demandando unha ponte”.

Dende ese momento, mediados dos anos 70, funciona a barcaza de Portodemouros. Non obstante as necesidades do paso foron cambiando. “Naquel entón o barco tiña que ter capacidade para 15 toneladas métricas de carga sobre cuberta e unha lonxitude e anchura suficiente para que un carro de vacas do país cargado fose capaz de virar dentro da barca, todo isto xunto a un acondicionamento para o transporte de 15 persoas a pé. Daquela non se falaba de maquinaria agrícola porque non a había”, lembra José Luis.

Sen embargo, a finais dos anos noventa produciuse un accidente nun transporte fluvial no lago Banyoles, en Cataluña, no que morreron afogadas decenas de persoas, e que naquel momento se achacou a un barco obsoleto e as súas deficiencias. Como consecuencia do accidente comezaron a facerse inspeccións por toda España nos barcos de transporte fluvial. A inspección realizada ao barco de Portodemouros reduciu de 15 a 5 as toneladas métricas de carga sobre cuberta. Iso supuxo outro punto de inflexión.

“Falamos de finais dos noventa comezos de 2000 e nesa época xa pasaba maquinaria agrícola, así que comezaron de novo coas reclamacións da ponte. Ao final o único que se conseguiu foi que a Xunta obrigase de novo a Fenosa a facer unha remodelación do barco”.

Dende ese momento, mediados dos anos 2000, a barcaza de Portodemouros ampliou a súa capacidade a 20 toneladas de carga sobre cuberta e a lonxitude a 13 metros. O problema? Que, entre outras deficiencias, non se ampliaron as ramplas de acceso o suficiente, tal e como continúan demandando na actualidade dende a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros.



## II GALA DO FOLCLORE DA TERRA DE MELIDE

REVISIÓN MUSICAL DO LIBRO "TERRA DE MELIDE"

GALICIA

TERRA DE MELIDE

SÁBADO 16 FEBREIRO

20:30 H

CASA DA CULTURA DE MELIDE

COMPOSTELA

7 DE XUÑO DE 1933

herbagri<sup>zeira</sup>



Deputación  
DA CORUÑA










**Búscanos en Mercamelide  
- 16 e 17 de febreiro -**

C/ Martagona, 13  
**MELIDE**  
981 50 79 64  
[electrosanmelide@gmail.com](mailto:electrosanmelide@gmail.com)

 **Electrosan**



**Especialistas en descanso · Aspiración 'Rainbow'  
Elaboración de sofás a medida · Electrodomésticos**

## ESPOMASA

### GRANDES DESCUENTOS

Abrimos de  
**Lunes a Viernes**  
de 9 a 19 Horas  
Contáctenos al  
981 505 971  
o a través de  
[administracion@espomasa.es](mailto:administracion@espomasa.es)  
Carretera de Toques - Melide, Km. 6

<b>Cojines</b>	<b>2 €</b>
<b>Almohada Visco</b> (de copos) desde	<b>10 €</b>
<b>Colchón</b> desde	<b>69 €</b>
<b>Colchón Visco</b> desde	<b>99 €</b>
<b>Base tapizada BOX tela</b> desde	<b>59 €</b>
<b>Cabecero</b> desde	<b>110 €</b>
<b>Butaca relax con masaje y calor</b> desde	<b>169 €</b>
<b>Somier Eléctrico</b> desde	<b>199 €</b>
<b>Canapé</b> desde	<b>199 €</b>
<b>Sofa Chaise Longue</b> desde	<b>399 €</b>

Con tu compra una almohada cervical de regalo  
Sólo hasta final de existencias

# ESC



**Estación de Servicio Corredoiras**

- Lavado a presión
- Aspiradores
- Tenda
- Aire e auga
- Venda de butano

- Venda de gasóleos a domicilio
- Pago en efectivo e con tarxeta

Aberto de luns a domingo de 7:00 a 23:00

Corredoiras, 14 · 15818 · Boimorto
Tel: 981 51 60 04

# MEYPA

Instalaciones eléctricas

## 663 972 281

INSTALACIÓN   MANTENIMIENTO   REFORMAS  
 VIVIENDAS   LOCALES   GRANJAS   GARAJES  
 LED   DOMOTICA   DATOS   PORTEROS   BOMBAS AGUA ...





[info@meypainstalaciones.es](mailto:info@meypainstalaciones.es)



**Joyería Oro Ley**



**San Valentín**

Rúa de San Pedro, 14  
15800 MELIDE (A Coruña)  
Tlf: 981 50 54 68

Taller propio




**Royal JOYERÍA JR**

Tfno.: 981 50 54 31  
joseval@mundo-r.com

Rúa Alexandre Bóveda, 12  
15800 MELIDE (A Coruña)

*Esther & Cris Conde*

FLORISTAS



Taboada Roca, 4 - Baixo  
15809 MELIDE  
\* 881 819 101

- Esther: 699 100 294  
- Cris: 696 372 032  
\* strelitziafloristas@hotmail.com



**HOTEL BALNEARIO RIO PAMBRE** ★★

Tlf: 982 15 32 32 / 982 37 41 35  
info@balnearioriopambre.com



• Produtor de toda clase de flores

• Tamén preparamos:  
ramos de noiva, ramos,  
palmas, centros, coroas, etc..

**Floristería Tarrío**




**Melide**

14 de febreiro San Valentín

• Estamos ao seu servizo en:  
R/ Amador Rodríguez, 7  
Tfños: 981 50 61 64 / 981 50 59 86  
666 49 38 49 / 666 49 38 50



**Floristería Maru**

14 de febreiro San Valentín

Mellor con flores





Rúa do Convento, nº 9 - 15800 MELIDE  
Tlfs.: 981 507 580 - 607 507 579  
www.floristeriamaru.es  
floristeria.maru@gmail.com



Floristería Maru  
María Cabado



O CONCELLO DE TOQUES ORGANIZA:

# I CROSS SUBIDA A SAN CIDRE

DOMINGO, 10 DE MARZO DE 2019

INSCRICIÓN ATA 8 DE MARZO

+ INFO: 626445816

HORA	DISTANCIA	CATEGORÍAS	PREZO
10:30	10 KM.	TODOS +18 ANOS	6€ Ata 17/02 / 10 € Ata 22/02
10:45	1200 M.	DE 15 A 17 ANOS	GRATUITO
12:30	800 M.	DE 11 A 14 ANOS	GRATUITO
12:45	400 M.	DE 7 A 10 ANOS	GRATUITO
13:00		ENTREGA DE PREMIOS	

Información, regulamento e inscricións nas páxinas web:

[www.toques.es](http://www.toques.es)

[www.carreirasmalegas.com](http://www.carreirasmalegas.com)

ESPONSORES:




Casa Alfonso

Souto nº 1  
15806 TOQUES  
981 506 278 - 617 006 323  
rociorelavaz@hotmail.com



Casa Juanito

Travesía San Pedro, 10 - 15806 TOQUES (A Coruña)  
981 506 278 - 617 006 323



ORGANIZA:



COLABORAN:





## ENTROIDO NA COMARCA

### MELIDE

O alumnado e profesorado do conservatorio de música de Melide será o encargado de poñerlle banda sonora á programación de Entroido. Preparan así para a tarde do **venres 1 de marzo** un concerto que levará por nome "Bandas Sonoras", e que terá lugar ás 20.30h na Casa da Cultura da vila, con entrada libre e gratuíta.

Pola súa parte, a novidade máis importante da programación deste ano é que o humorista e colaborador do programa Luar da TVG, Fredi Cruxer, será o encargado de presentar o concurso de disfraces que terá lugar no pazo de congresos e exposicións o **martes 5 de marzo** ás 18.30h da tarde. A recepción dos participantes como é habitual terá lugar ás 16.30h da tarde no cantón de San Roque, de onde sairá o desfile, sempre que o tempo o permita. No caso de choiva, a recepción de participantes será xa no pazo de congresos ás 17.30h da tarde. Haberá diferentes premios para as categorías de comparsas, grupos, individuais e parellas.

Establécese así un total de 2.650 euros en premios que se repartirán do seguinte xeito: nas comparsas formadas por máis de oito persoas, o primeiro premio estará dotado de 1.000 euros e o segundo de 700 euros. Para os grupos, formados de tres a oito persoas, o primeiro premio será de 400 euros e o segundo de 300 euros. Na categoría de individuais e parellas, o primeiro premio será de 150 euros e o segundo de 100 euros.

Dende o Concello de Melide deixan claro nas súas bases que os menores de idade non poderán participar na categoría individual e parellas de non ir acompañados dun adulto.

A maiores do concurso de Entroido, o Concello de Melide programou tamén unha festa infantil con xogos, baile, música, obradoiros e maquiillaxe que terá lugar o **domingo 3 de marzo** no pazo

de congresos dende ás 17.30h da tarde.



### CURUXÁS

Tamén en Melide e como de costume, a Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás organizará o seu tradicional Antroido. Así, o **sábado 2 de marzo**, arredor das 19.30 horas, terá lugar a saída do Antroido e posterior percorrido polas rúas da vila, mentres que o **martes 5 de marzo**, sobre as 19.30 sairá de novo o Antroido e ás 20.30 horas procederase á lectura do pregón e queima do Antroido. Nesta edición colabora de novo a Asociación Veciñal Melidá.

### SANTISO

O Concello de Santiso celebrará o Entroido o **domingo 3 de marzo** ás 17.00 horas no pavillón de Arcediago. Haberá concurso gastronómico e de disfraces e festa de animación e inchables.

En canto aos premios, para o concurso gastronómico existirá unha única categoría competitiva con tres premios de 150, 100 e 50 euros respectivamente. Xa para o concurso de disfraces, os premios irán dende cestas con produtos típicos do Entroido ata contos para os máis pequenos.

Máis información e inscricións chamando ao Concello (981 81 85 01).

### O NOSO LAR VISANTOÑA

Ademais da programación do Concello de Santiso, a Asocia-

ción O Noso Lar de Visantoña celebrará diversas actividades como todos os anos, que inclúen desfile, concurso de disfraces e numerosos premios.

### SOBRADO

O Entroido en Sobrado terá o seu día grande o **domingo 3 de marzo**. A festa dará comezo ás 13.30 horas cun pasarrúas e a actuación da Charanga TNT. Xa ás 17.00 horas celebrarase o Festival de Entroido co correspondente concurso de disfraces. Este ano repartiranse preto de 800 euros en premios entre as categorías de comparsas e infantil. As inscricións xa están abertas. Haberá carpa na praza do Concello por se o tempo non acompañase.

### TOQUES

Pola súa parte, no concello de Toques o día grande do Entroido celebrarase o **sábado 2 de marzo** a partir das catro da tarde. Será no pavillón de Souto e haberá desfile e concurso de disfraces con 600 euros en premios. Acompañarán a xornada xogos de animación e unha degustación de produtos típicos.

## O GDR Ulla-Tambre-Mandeo presenta o Estudo Socioeconómico no IES de Melide

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo, do que Melide e a súa comarca forman parte, presentou o seu Estudo Socioeconómico do territorio ao alumnado do IES de Melide. Durante a presentación, a alcaldesa de Melide, Dalia García, estivo acompañada polas xerentes e técnico do GDR, María Fernández e María Mellid.

Visitaron as clases de primeiro e segundo de bacharelato onde tiveron a oportunidade de conversar cos adolescentes e mesmo escoitar as súas achegas para dinamizar o rural máis próximo.

Este documento ten por obxecto realizar unha radiografía do capital territorial do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo; é dicir, dos concellos de Melide, Arzúa, Boimorto, Santiso, Sobrado, O Pino, Toques, Touro



e Vilasantar. Con este obxectivo, analízanse o conxunto dos recursos físicos e humanos, o seu tecido social e económico, así como os aspectos culturais definitorios e de identidade.

Dende o GDR tamén aproveitaron a visita para explicar aos alumnos o labor que reali-

zan día a día dende a entidade, como por exemplo os labores de asesoramento e de asignación de fondos do Plan Leader para a revitalización do rural. O alumnado do IES de Melide coñeceu tamén diferentes proxectos de éxito apoiados polo GDR e que hoxe en día son unha realidade.

## Herba Grileira organiza a II Gala do Folclore da Terra de Melide



Foto de grupo na primeira edición (imaxe de arquivo)

Tralo éxito acadado na primeira edición, Herba Grileira organiza o vindeiro sábado 16 de febreiro a II Gala do Folclore da Terra de Melide. Será na Casa da Cultura a partir das 20.30 horas. Alumnos da agrupación, caracterizados para a ocasión, levarán a escena de novo o repertorio musical do libro Terra de Melide, poñendo voz, música e rostro a numerosas pezas recollidas neste exemplar. Na pasada edición, romances, alalás, carballesas e muiñeiras recollidas na comarca melidá a principios do século pasado por perseiros da talla de Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Florentino López Cuevillas cobraron vida no transcurso da gala. O libro Terra de Melide foi publicado no ano 1933 polo Seminario de Estudos Galegos.



## Aron Ayude, campión de España sub 23 de loita olímpica

Ata San Agustín de Guadalix, en Madrid, desprazouse Aron Ayude, do Ayude de Santiso, coa Selección Galega para disputar o campionato de España de loitas olímpicas sub 23. Aron subiuse ao máis alto conseguindo o ouro e dando uns puntos determinantes á Selección Galega para converterse en campioa de España en libre olímpica. Para este deportista é o primeiro ouro nacional da temporada. Despois deste éxito irá ás próximas concentracións coa Selección Española, con vistas a compromisos internacionais.



A este logro hai que sumar os acadados por outros deportistas do Ayude que conseguiron medalla nacional e internacional en diferentes disciplinas deportivas, tales como esgrima, loita olímpica, boxeo olímpico e kickboxing. Son Sabela Leiva, Lia Mellid, Laura Ramos, Nerea Iglesias, Sabela Cabado, Joel Gil, Hugo Gil, Víctor Buján, Xosé Leiva, Roi Vázquez, Iker López, Nahum Ayude e Iván Iglesias; e os Deportistas Galegos de Alto nivel Cristina Cardeiro e Cora Ayude.

## Xuntanza de mulleres rurais

A Asociación Alecrín organiza para o domingo 24 de febreiro unha xuntanza de mulleres rurais para a que se poderán retirar as entradas (a un prezo de 20 euros), ata o día 17 deste mes. O programa inclúe unha visita á feira de Melide, recepción de benvida ás 13.30 horas no Palacio de Congresos da vila, e xantar

composto de polbo, cocido galego, postre, café e chupitos. Ao remate do xantar haberá entrega de merecementos e baile con música en vivo. Na celebración desta xuntanza colabora tamén o Concello de Melide. As interesadas en participar poden anotarse chamando ao 699 120 465.

## Ángel Carracedo, no IES de Melide

O pasado 24 de xaneiro os alumnos do IES Melide recibiron a visita do doutor Ángel Carracedo, catedrático e director do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela e da Fundación Galega de Medicina Xenómica. O doutor Carracedo puido compartir tempo co alumnado de 4º ESO e 2º BAC, a quen lles insistiu na necesidade de “dedicarse a aquilo que lles emocione, poñendo en valor o esforzo e a constancia para chegar a ser

o que desexan”. Durante a xuntanza tamén desentrañou os misterios do ADN “a molécula da vida e da morte”, da que é un apaixonado e á que ten dedicado o seu traballo como investigador. Xa pola tarde, na Escola de Nais e Pais do IES de Melide, recalcou a importancia de “atender a diversidade do alumnado e a necesidade de adaptar e modificar o sistema educativo actual que mata a creatividade e mina a potencialidade do ser humano”.

## Os 21 do Camiño, Mellor Media Maratón de España

Por cuarto ano consecutivo a Media Maratón Os 21 do Camiño saíu elixida como Mellor Media Maratón de España no ránking de Runedia. Un recoñecemento a un percorrido que une os municipios de Palas de Rei e Melide a través dun tramo “espectacular do Camiño de Santiago, e no que se pode atopar asfalto, terra, empedrado ou monumentos medievais, todos enmarcados nunha contorna natural incomparable”. Dende a organización xa traballan na edición deste ano que se celebrará o vindeiro sábado 15 de xuño.

**Mejor Media Maratón Asfalto España 2018**

Media Maratón “Os 21 Do Camiño”

Puntuación: 4,48 / 5  
Fecha: 16 / 6 / 2018  
Población: Palas de Rei  
Distancia: 21.097 m

“Esta media maratón une los pueblos de Palas de Rei (Lugo) y Melide (A Coruña) a lo largo de un tramo espectacular del Camino de Santiago en el que podemos encontrar asfalto, tierra, adoquines o monumentos medievales, todos enmarcados en un entorno natural incomparable.”

Media Maratón Valencia Trinidad Alfonso EDP

Puntuación: 4,41 / 5  
Fecha: 18 / 2 / 2018  
Población: Valencia  
Distancia: 21.097 m

“Magnífico circuito por la ciudad de Valencia, destinado a hacer tu marca personal. El ambiente corredores y la animación son inigualables en España.”

Media Maratón Monzón

Puntuación: 4,41 / 5  
Fecha: 28 / 10 / 2018  
Población: Monzón  
Distancia: 21.097 m

“Espectacular recorrido, ambiente y buen trato tanto por la organización, el pueblo y resto de corredores. Esperando la siguiente edición.”

## As motos tomaron Melide un ano máis



Melide volveu a ser este ano o lugar elixido para celebrar unha nova edición do *InvernoVespa*; unha concentración de motos, concretamente vespas e lambretas, que reúne a numerosos participantes. Foi a edición número nove e congregou na vila a máis dun

cento de motoristas co seu correspondente vehículo. A cita, que estivo organizada pola Asociación Golfos Ártabros Escúter Clube, reuniu dende primeira hora da mañá a todos os participantes no palacio de Congresos da vila. Alí quedaron as motos aparcadas

durante un tempo para que os veciños e veciñas puidesen contemplalas. Xa preto do mediodía os membros do club percorreron as rúas de Melide exhibindo os seus vehículos, para máis tarde compartir unha comida de confraternidade entre todos.

## Curso de Monitor de Tempo Libre



A Organización Juvenil Española (OJE) organiza, a través da Escola de Tempo Libre Ícaro, un Curso de Monitores de Tempo Libre en Melide, destinado a mozos da comarca. Entre o profesorado do curso destaca Lucas Herrador García, director de Teatro, quen se encargará da área referente á expresión artística e animación. Outros contidos serán socioloxía, psicoloxía, educación no tempo libre, aire libre, orientación, meteoroloxía, cartografía, topografía, técnicas de acampada, recursos e axudas públicas, xogos, veladas e lumes de campamento,

etc. O curso dará comezo o 15 de marzo e desenvolverase durante as fins de semana dos meses de marzo, abril e maio. Neste último mes inclúese unha acampada.

### Inscripcións

É necesario ter cumpridos 18 anos e ter o graduado escolar, título da E.S.O. ou equivalente. Poderán facelo a través do correo ojemelide@gmail.com ou no teléfono 667 635 345. O prezo é de 200 euros e daranse facilidades de pago. Tamén se garanten as prácticas en campamentos da propia asociación xuvenil.



## SON DEREITOS, NON FAVORES

Obrigas e dereitos. Iso é o que todas as persoas temos nas nosas relacións coas administracións públicas. Cada unha e un de nós, de xeito individual, somos suxeitos con obrigas e dereitos. Tamén o somos cando nos xuntamos e formamos un grupo. Ese colectivo tamén ten obrigas e dereitos.

Para poder reivindicar os nosos dereitos debemos coñecer as normas que nos amparan. Unha desas normas é a Lei de Administración Local de Galicia, cuxo capítulo V trata sobre a "Información e participación cidadá". Este texto lexislativo recolle que os concellos deberán facilitar a máis ampla información sobre a súa actividade e fomentar a participación da cidadanía na vida local.

Segundo esta lei, as asociacións veciñais (a Asociación Melidá) teñen (temos) a consideración de entidades de participación cidadá, o que nos faculta, seguindo o texto desta norma, para facer unha exposición ao Pleno do Concello en relación con algún punto da orde do día en cuxa tramitación administrativa interviñeramos como interesados e, incluso, faculta á Alcaldía para establecer unha rolda de intervencións do público asistente ás sesións plenarias.

Que acontece en Melide? Que

as veciñas e veciños non temos dereitos. A alcaldesa e as concelleiras non nos permiten participar na vida local. Non nos consideran suxeitos con dereitos.

Dende que, en setembro de 2017, se constituíu esta Asociación, trasladamos moitos temas á alcaldesa, pedindo información sobre o traslado das pistas de pádel ao barrio de Taboada Roca, sobre as medidas que tomarán para solucionar o lamentable estado actual do río Furelos, sobre a situación da depuración das augas do polígono da Madanela, sobre o contrato de servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, sobre o abandono do parque Rosalía de Castro, sobre a xestión de uso dos locais públicos, sobre o destino dos cartos para as festas do San Roque... NUNCA se nos deu resposta.

Pero esta actitude vén de lonxe cando, en plena polémica pola construción dunha planta de combustión de biomasa detrás da escola da Martagona, Dalia García Couso negouse a falar coas veciñas e veciños asistentes a un pleno no que se trataba o tema. Sendo un proxecto ilegal e irresponsable, a alcaldesa preferiu poñerse do lado da empresa e en contra da veciñanza que esixía información e respecto á legalidade.

Opacidade, escuridade, silencio, malas caras, difamacións... son as reaccións que conseguimos das nosas representantes no Concello.

Pero hai que fixar a nosa atención na clase de política que se realiza dende a praza do Convento núm. 5: política de favores, de privilexios. Cando calquera veciña ou veciño se achega a falar coa alcaldesa ou as concelleiras o que consegue é unha sorte de compromiso persoal, como se as cousas se fixeran por decisión caprichosa dun ente superior e non porque así é como teñen que ser.

Os dereitos non son nada se non levan aparelado un mecanismo eficaz que os faga efectivos.

Para que os nosos dereitos, como individuos e coma colectivo, sexan reais, necesitamos que os mecanismos artellados para levarlos a cabo sexan eficaces e coñecidos por todas e por todos.

Na nosa man está coñecelos e esixilos.

Na man da alcaldesa está cumprir co papel que a Constitución e as leis lle encomendan: servidora pública. Servidora da veciñanza.

ASOCIACIÓN VECIÑAL **MELIDÁ**

Tfn.: 601 60 44 88  
asociacionmelida@gmail.com

## CHUVIA DE PAPEL

### MICRORRELATOS

#### SENTIMENTOS

Deixan de existir co paso de tempo.

María Rodríguez Rodríguez

#### FANTASÍA

Tena preto, moi preto. De repente, aparta a man e desaparece.

Lucía Vázquez Arias

#### POR XANEIRO

Era máxico, ata que espertei e aínda os estaban envolvendo.

Manuel Varela Cea

#### O TREN

Din que por todos os camiños pasa un tren; quizais o seu tren non tiña unha parada dedicada para min.

Alba López Regueiro

Alumnas e alumnos do IES Melide

*Suave. Cremoso. Nutritivo.*

# Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzuu-ulloa.org  
Tfno. e fax: 981 50 76 53

DE NOMINACIÓN DE ORIXE **Arzúa Ulloa**

XUNTA DE GALICIA

MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

FEADER Europa inviste no rural



## CORAZÓN DE TINTA



LUME

Que con ímpetu arremetes,  
co teu fulgurante corpo,  
auriga de impío espírito,  
no imperio do inframundo.

luz

Nacido da furia,  
morto pola temperanza,  
escravo do vento,  
asasino da alma.

fume

Herdeiro ardente,  
que devoras a lúa,  
póstrate ante a fin,  
da pugna sen fortuna.

morte

Pois na guerra non gaña  
nin o imperio do lume,  
nin o fillo da alborada.

Senón o poder da morte,  
fronte á vida pasada.

Cristian Álvarez Mejuto  
Alumno do IES Melide

A FIN

Alí deitada  
na escuridade o seu fado  
parecía estar sinalado  
por aqueles vagalumes  
-inmóbiles-  
Na constelación que formaban  
líase a sentenza  
que por primeira vez  
a proclamaba vencedora.  
Aquela terra nunca máis escoitou  
as súas engrenaxes xirar  
O seu último alento naquel momento  
Exhalou

Alba López Buján  
Alumna do IES Melide

Soidade

Apareciches de novo,  
sombra escura e solitaria.

Cando alguén está só aparece,  
meténdote na súa cabeza.

Moitos escapan de ti,  
séntense tristes e illados.

Outro atópanse mellor cando estás,  
axúdalos a pensar, a reflexionar.

Uxía Cardeiro García  
Alumna do IES Melide

A idiosincrasia do galego, polo xeral, tende ao individualismo, por aquilo de "andar cada un ao seu" sen facer moito barullo; non vaia ser que saiban dos nosos proxectos! Pero antigamente había traballos do campo (pequena historia que nos propoñemos escribir) que esixían facelos en comunidade, tales que as mallas, a colleita dalgúns produtos ou facer o outono. Este último consistía en baleirar as cortes das vacas e demais animais domésticos para botar o esterco nas leiras (onde se ía sementar o centeo), antes de arar facendo as derregadas, e volver a encheras de novo, canto antes, con toxos, silvas, fentos e follas secas para que os animais tivesen a súa necesaria nova "cama".

Tamén se xuntaban varias persoas, polo xeral mozas, para facer os denominados "fiadeiros ou fiadas"; converter en fío a estopa do liño colleitado. De aí saían despois as teas para facer as roupas da cama e incluso algunhas prendas de vestir. Este traballo tiña moita aceptación entre a mocidade porque cando daban as doce da noite, máis ou menos, a dona da casa dicía: "Bueno,

agora acabouse o traballo e comeza a troula!". Iso consistía en que ao tocar unha gaita ou unhas pandeiretas as mozas que estaban fiando ían bailar cos mozos que, sen deixarse ver moito para non estorbar mentres elas traballaban, si andaban preto á espera de que comezase a festa.

Para a esfolia do millo tamén era costume xuntarse algúns veciños. Ese traballo polo xeral facíase de noite e no inverno, e se non había un pendello grande onde meter o millo había que facelo ao aire libre pasando moito frío. Aínda así, procurábase levalo da mellor maneira, esperando a "cantar Reina!", que era cando che tocaba unha maza-roca de cor vermella.

O trigo por entón era costume sementalo nos montes, que estaban divididos nas chamadas estivadas (extensións de terreos algunhas incluso cerradas por valos de terra), e onde cada veciño tiña unha parcela. Como non había máquinas cavábase o monte con pesados legóns a man, sendo un dos traballos máis duros para o labrador.

A tradición conformista do campesiño galego fixo que este

fose bastante remiso á utilización das primeiras máquinas que chegaron para facilitar o traballo no campo. Recordo que meu avó, aló polo ano 1927, foi o derradeiro da parroquia de Visantoña en deixar que entrase na súa eira unha máquina de mallar.

Como falamos de novo das mallas prácame rematar este sinxelo traballo cunha curiosa anécdota da que fun protagonista sen quero ser.

As mallas de entón, con máquina de mallar e motor de gasolina, esixían xuntarse unhas trinta ou corenta persoas en cada malla, e como en moitas pequenas aldeas non había esa cantidade de veciños era necesario xuntarse os de dúas aldeas. Así pois, as dúas aldeas da parroquia de Visantoña que viñan facendo en comunidade as mallas eran as de Liñeira e Sardecoiro; un pouco porque estaban a pouca distancia, e outro pouco por afinidades familiares.

## Traballos que esixían facelos en comunidade no rural galego

Xosé Núñez López

Pero un ano, nunha malla dun veciño de Sardecoiro houbo un enfado (do que non recordo agora o motivo), e o cabeza de familia (unha boa persoa, pero con moito xenio), dixo algunhas palabras contra os de Liñeira. Estes, ao sentirse moi ofendidos, puxéronse de acordo para non ir á malla daquela casa en Sardecoiro nunca máis; continuando non obstante as mallas en común co resto de veciños de Sardecoiro como de costume.

Chegou un día no que os de Liñeira tiveron que ir ás mallas a Sardecoiro, a onde eu acudín con meu avó. Tería 13 ou 14 anos e fun porque por aquel entón no rural galego había tan poucas diversións que cando se presentaba a oportunidade de xuntarse con outras persoas, aínda que fose para traballar, os novos íamos tan axiña como podíamos para formar parte da troula. Marche así rapidamente para Sar-

decoiro sen esperar a meu avó e cando cheguei á primeira eira na que estaban mallando púxenme a traballar con toda a boa vontade, sen que ningún me dixese nada.

O que pasou foi que aquela malla era a da casa que estaba vetada polos de Liñeira, unha prohibición da que eu non sabía nada; e como o camiño de Liñeira a Sardecoiro pasaba xunto a aquela casa, cando chegou meu avó e me viu alí entrou el tamén e púxose a traballar ata acabar a malla.

Foi desta maneira tan sinxela como rematou o enfado entre os de Liñeira e os de Sardecoiro para facer de novo en comunidade as mallas a partir dese mesmo ano. Pasados os anos penso que o feito de que meu avó entrase naquela malla non foi só por verme a min alí, senón tamén pola venturosa circunstancia de que el e máis a dona daquela casa eran familia que sempre se levaran ben.



# “Hoxe en día dá máis traballo preparar todos os papeis que facer a obra en si”

Falar de Construcciones Leonardo Miguélez (CLM), é falar dunha empresa con tradición, forte, de renome e máis que consolidada. En funcionamento dende o ano 1985, Leonardo Miguélez realiza obra pública por toda Galicia que

abarca dende traídas de auga e beirarrúas, ata asfaltado de estradas e apertura de camiños, apertura de zonas de concentracións parcelarias, ou a construción de pontes e edificios públicos. Na contorna, algúns destes exemplos son

o recinto feiral de Arzúa, a Casa da Cultura de Melide ou a ampliación do Concello de Toques. Actualmente xubilado, o seu fundador fai un repaso pola traxectoria da empresa que, pouco a pouco e obra a obra, levantou dende a nada.

**- Cóntenos como xurdiu a empresa**

**- Leonardo Miguélez (L.M.):** Eu estaba traballando de encargado no mesmo sector, pero a compañía na que estaba pechou por xubilación e fomos todos á rúa. Foi entón cando me decidín a dar de alta a miña propia empresa e a comezar con todo.

**- E como foron eses inicios?**

**- L.M.:** Axudou o feito de que viña de estar 32 anos traballando como empregado. Naqueles tempos as administracións e os técnicos coñecíanme ben porque había menos empresas deste tipo que hoxe en día, e ao mesmo tempo eu coñecía o traballo. Así que, sabendo do meu traballo, comezaron a adxudicarme obras do que podían, ben fosen concentracións parcelarias, Concellos, Deputacións, etc. Nun primeiro momento comezamos con máquinas alugadas porque eu non as tiña, pero pouco a pouco fomos traballando e conseguindo obras, e ao mesmo tempo comprando a maquinaria necesaria. Así comezamos.

**- Como chegou a posicionarse CLM como unha das empresas punteiras do sector?**

**- L.M.:** Con esforzo, traballando moito. Creo que ser coñecedor deste mundo e práctico e resolutivo nos meus traballos tamén nos beneficiou. E logo por suposto que as obras que realizamos transmitiron a confianza necesaria que xa tiñan en min cando era empregado. Con todo iso pouco a pouco fomos medrando e comprando maquinaria, algo fundamental tamén para consolidarnos.

**- Cantas persoas empregan?**

**- L.M.:** No que se refire a emprego directo hai unha media de 45 persoas traballando ao longo do ano. Á parte, Construcciones Leonardo Miguélez ten outra empresa -Excavaciones Santiños- que se comprou hai 22 anos e que agora se vol-



As oficinas de Construcciones Leonardo Miguélez están situadas no polígono industrial de Melide

veu a activar porque se compraron os equipos e maquinaria necesaria para pintar as estradas. Nesa empresa hai unha media de 4 persoas traballando.

**- Podemos dicir que CLM conta cun equipo completo entón**

**- L.M.:** Si, de feito conta con equipo de aglomerado, equipo de asfaltado, equipo de obra civil, equipo de sinalización, equipo de pintura; é dicir, faise dende o primeiro ata o último paso dunha obra, porque incluso o que é o aglomerado prodúcese e elabórase en planta propia.

**- Que cambios destacarías na evolución deste sector?**

**- L.M.:** O que máis destacaría é que antes adxudicábanse unha obra e todo era máis sinxelo, máis áxil. Agora hai moita burocracia, moito papeleo. Hoxe en día para contratarche unha obra tardan catro meses, e logo ti tes que facela en 15 días; é dicir, dá máis traballo preparar o papeleo todo que facer a obra en si. E outro dos cambios que percibín é que na actualidade non é doado atopar persoal cualificado, hai falta de técnicos, de

xente especializada para este traballo. A iso hai que engadir que non se pode meter a ningún en obra se non ten formación en prevención, iso hoxe en día é fundamental porque é outro requisito, e a xente non se está formando en prevención. CLM réxese polo convenio de construción, e nese convenio a formación en prevención é básica, teñen que estar formados para poder entrar á obra.

**- E cambios en relación ás novas tecnoloxías?**

**- L.M.:** Por suposto, ese foi outro dos grandes cambios e para mellor. Antes collías unha obra e ao mellor botabas medio ano para facela e agora en 15 días ou un mes xa a tes lista. Coas máquinas que hai hoxe en día todo mellorou. Por poñer un exemplo, hai anos para botar o asfalto na estrada tiñas que andar repartindo coa manguera. Agora o chofer dende o camión dálle ao ordenador e bota os quilos de asfalto necesarios por metro cadrado.

**- Que obra recorda como a máis especial?**

**- L.M.:** Fixen moitas, pero case diría que a primeira que collín porque non tiña nin máquinas

nin nada. Foi unha concentración parcelaria de 240 millóns de pesetas daquela, e claro, algunhas empresas dixéronlle á dirección de obra: “Leonardo é moi bo e todo iso pero vén de estar como empregado e acaba de empezar coa empresa, non vai ser capaz de facer a obra”. Pero eu aluguei as máquinas e como coñecía o traballo deille para adiante e acabei na metade de tempo que estaba previsto. O resto de obras xa foron rodadas (risas); xa eran parte da miña rutina pois levaba dende o ano 56 traballando nas estradas. Como quen di, xa facía o meu traballo de forma automática. Aínda é hoxe o día no que vou pola rúa e voume fixando nos defectos da calzada; esas cousas que para outra persoa ao mellor pasan desapercibidas, pero que para min foron un modo de vida.

**- Cal foi a súa obra de maiores dimensións?**

**- L.M.:** Pois podería ser unha de conservación de estradas na zona sur que vai desde Ordes e Carballo ata Fisterra, e que aínda continúa hoxe en día. As outras máis grandes case foron todas concentracións parcelarias. E tamén o polígono de

Melide, que tamén o fixen eu hai xa máis de vinte anos.

**- Algunha vez se quedou coas ganas de realizar algunha?**

**- L.M.:** Bueno (risas), algunha sempre escapa, (máis risas). As obras que saen preto da casa todos as queremos porque sempre se gana máis. Non hai traslado de persoal por exemplo. Pero iso pasou, pasa e pasará moitas veces.

**- E algunha vez abandonou vostede unha obra?**

**- L.M.:** Nunca, que gañase ou perdesse é á parte, pero nunca.

**- Como ve vostede o estado actual das estradas?**

**- L.M.:** No pasado fíxose moita obra nova, pero hoxe en día non hai diñeiro para mantemento e reparación e non se conservan como deberían. Creo que algunhas están bastante abandonadas e sería mellor unha conservación integral en vez de ir arranxando fochancas puntuais.

**- Que hai de certo en que as administracións adxudican as obras á oferta máis barata?**

**- L.M.:** Non sempre, pero é certo que nalgúnhas ocasións as administracións, para traballos en estradas por exemplo, priman a oferta máis barata que cumpra cos requisitos básicos, e logo claro, a obra resulta un desastre. Adxudican ao máis barato e despois a obra ou queda mal feita ou directamente a abandonan. En CLM xa rematamos algunha vez obras que foron adxudicadas a outras empresas en primeiro lugar.

**- Como afronta o seu día a día como xubilado?**

**- L.M.:** Pois moi ben a verdade. Continúan os meus fillos e vexo que as cousas van ben, que todo continúa funcionando. Eu se me preguntan algo por suposto podo informalos, pero despois como quen diría, estou de vacacións (risas).





**hasta el  
30 de marzo**

**Revisión  
Auditiva  
Gratuita**

**Descuentos especiales  
en determinados  
audífonos**

**Visítanos y te  
explicamos las  
condiciones**



# SIEMENS

Encuétranos en Plaza das Universidades, 5,  
bajo, en **Melide**.

O llámanos y solicita tu primera consulta gratis  
**981 50 62 28**



Hemos cuidado la audición de tus abuelos y de tus padres.  
Ahora cuidamos la tuya.  
**En Lugo desde 1990.**

Revisiones auditivas realizadas  
en colaboración con   
**Audinor**  
**CENTROS AUDITIVOS**  
Registro Sanitario: E-27000375